AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VI, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2019, con destino a investimento en terreos e bens naturais, por importe de 559.931,32 €. A ampliación ten por finalidade dispoñer do crédito necesario para a aprobación definitiva do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación do Hospital Gran Montecelo. AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VII, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para 2019 por importe de 451.600,59 €, con destino a transferencias de financiamento ao Servizo Galego de Saúde.

7.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.73007	Servizo Galego de Saúde	2015.00442	1010	N	451.600,59	0,00
103	50	50.01..412A.6200	Investimento en terreos e bens naturais	2016.00025	1010	N	559.931,32	0,00

7.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43007	Servizo Galego de Saúde	2015.00442	1010	N	451.600,59	0,00
103	50	50.01..411A.6407	Programas de xestión económica	2014.00014	1010	N	35.702,40	0,00
103	50	50.01..411A.6408	Ordenación administrativa	2009.00009	1010	N	40.928,33	0,00
103	50	50.01..412A.212	Edifícios e outras construcións	2014.00042	1010	N	451.600,59	0,00
103	50	50.01..412B.6282	Calidade e xestión clínica	2014.00023	1010	N	6.700,00	0,00
103	50	50.01..412B.6283	Coordinación prestación farmacéutica	2014.00016	1010	N	25.000,00	0,00





7.9. EXPEDIENTE AB-00.00-003-19

(Código exp. CODEX AB-2019-12-00200003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

7.9.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de CINCOCENTOS DEZ MIL EUROS (510.000,00 €) en aplicacións orzamentarias correspondentes ao capítulo VI do programa de gasto 561A, "plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).

Baixa de crédito polo mesmo importe na aplicación 760.0 do programa de gasto 712A, "fixación de poboación no medio rural", da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

O obxecto desta ampliación/baixa é financiar investimentos da AGACAL derivados de gastos imprevistos en asistencias técnicas, obras, instalacións e convenios.

7.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.6320	Reforma de infraestruturas	2014.00025	1010	N	180.000,00	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	Proxectos estratéxicos de interese INGACAL, centros de I+D+I	2018.00056	1020	S	80.000,02	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	Proxectos estratéxicos de interese INGACAL, centros de I+D+I	2018.00057	1010	N	249.999,98	0,00

7.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
408	10	14.A1..712A.7600	Transferencias de capital a concellos	2016.00008	1010	N	510.000,00	0,00

7.10. EXPEDIENTE AB-00.00-004-19

(Código exp. CODEX AB-2019-12-00200005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

7.10.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de CIENTO SETENTA E CINCO MIL EUROS (175.000,00 €) na aplicación orzamentaria 14.A2.561A.623.0 correspondentes ao capítulo VI do programa de gasto 561A, "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).

Baixa de crédito polo mesmo importe na aplicación 760.0 do programa de gasto 712A, "Fixación de poboación no medio rural", da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

O obxecto desta ampliación/baixa é financiar investimentos da AGACAL para a substitución de equipamentos técnicos específicos obsoletos ou deteriorados dos centros de investigación adscritos.

7.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.6230	Adquisición de maquinaria, instalacións e utensilios	2014.00025	1010	N	175.000,00	0,00

7.10.3. Partidas orzamentarias de orixe





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
408	10	14.A1..712A.7600	Transferencias de capital a concellos	2016.00008	1010	N	175.000,00	0,00

7.11. EXPEDIENTE AB-05-004-19

(Código exp. CODEX AB-2019-177-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Igualdade (001.05.11)

7.11.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 291.668,36 € de fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero derivada dunha baixa de crédito na Consellería de Cultura e Turismo (Axencia Galega de Turismo), para incrementar o crédito dispoñible para as axudas para fomento da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero polas entidades locais.

7.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.11..313D.4601	Accións contra a vx a desenvolver en colaboración coas EELL	2018.00112	3010	N	291.668,36	0,00

7.11.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.10..761A.43212	Transf. a Axencia de Turismo de Galicia	2018.00112	3010	N	291.668,36	0,00
306	10	11.A2..761A.4600	Promoción e potenciaición do Turismo	2019.00001	3010	N	226.668,36	0,00
306	10	11.A2..761A.4700	Apoio a entidades profesionais do sector turístico	2019.00001	3010	N	65.000,00	0,00

7.12. EXPEDIENTE AB-13-007-19

(Código exp. CODEX AB-2019-218-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado. (001.13.05)

7.12.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 60.000 euros na aplicación 13.05.312F.640.0 da D.X.Xuventude, Participación e Voluntariado, consecuencia do Acordo asinado coa Consellería de Cultura e Turismo para a implantación do programa "Voluntariado no Camiño", con baixa de crédito nas aplicación 11.A2.761A.640.0 - código de proxecto 2018 00002 e 11.10.761A.732.12-código de proxecto 2015 00635.

7.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.05..312F.6400	Plano do Voluntariado	2015.00546	1010	N	60.000,00	0,00

7.12.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.10..761A.73212	A Axencia de Turismo de Galicia	2015.00635	1010	N	60.000,00	0,00
306	10	11.A2..761A.6400	Promoción e difusión do turismo	2018.00002	1010	N	60.000,00	0,00





8. BAIXA

8.1. EXPEDIENTE BC-11.A2-004-19

(Código exp. CODEX BC-2019-1-00100009)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ATURGA (306)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

8.1.1. Descrición

baixa de crédito na aplicación 11.A2.761A.210, proxecto 2015 00013 de Turismo de Galicia coa conseguinte transferencia na aplicación 11.10.431A.352 da actual Consellería de Cultura e Turismo. O obxecto desta baixa de crédito e posibilitar a transferencia é o pago dos xuros de mora con motivo do procedemento Execución Definitiva 7025/2018 do Procedemento 7392/2011 sobre responsabilidade patrimonial da administración pública ao que ten que facer fronte a Consellería de Cultura e Turismo.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
306	10	11.A2..761A.210	Infraestructura e bens naturais	2015.00013	1010	N	435.982,51	0,00

8.2. EXPEDIENTE BC-14.A1-003-19

(Código exp. CODEX BC-2019-9-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGADER (408)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

8.2.1. Descrición

Baixa de crédito (BC) por importe de corenta e tres mil euros (43.000,00 €) nunha aplicación orzamentaria do capítulo VII do programa de gasto 712A "fixación de poboación no medio rural" da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

O obxecto da baixa é axustar o orzamento de Agader derivado da transferencia de crédito por este mesmo importe dende a aplicación 14.05.712A.732.09 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (financiadora de Agader) á aplicación 14.04.713D 6401 da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, para incrementar o Plan de Promoción de produtos agroalimentarios galegos.

8.2.2. Partidas orzamentarias de destino

8.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
408	10	14.A1..712A.7600	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A CONCELLOS	2016.00008	1010	N	43.000,00	0,00





9. ACORDO DO CONSELLO

9.1. EXPEDIENTE TR-11-033-19

(Código exp. CODEX TR-2019-284-00300005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Cultura e Turismo (001.11)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.11.10)

9.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 435.982,51 € dende a aplicación orzamentaria 11.10.761A.432.12, con correlativa Baixa de crédito na aplicación 11.A2.761A.210, á aplicación 11.10.431A.352. O obxecto desta transferencia é o pago dos xuros de mora con motivo do procedemento de Execución Definitiva 7025/2018 dentro do Procedemento 7392/2011 sobre responsabilidade patrimonial da administración pública.

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.10..431A.352	Xuros de demora	2014.00694	1010	N	435.982,51	0,00

9.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.10..761A.43212	Axencia Turismo de Galicia	2015.00635	1010	N	435.982,51	0,00

9.2. EXPEDIENTE TR-14-038-19

(Código exp. CODEX TR-2019-219-00300006)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

9.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 510.000 € desde a aplicación 14.05.712A.732.09, "fixación de poboación no medio rural", da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a aplicación 14.04.561A.732.10, "plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e industrias Agroalimentarias.

O obxecto desta transferencia é adecuar as transferencias de financiamento da AGACAL a súa execución.

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.73210	Axencia Galega da Calidade Alimentaria	2015.00636	1010	N	429.999,98	0,00
001	16	14.04..561A.73210	Axencia Galega da Calidade Alimentaria	2019.00051	1020	S	80.000,02	0,00

9.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..712A.73209	Transferencias de capital a AGADER	2016.00239	1010	N	510.000,00	0,00

9.3. EXPEDIENTE TR-14-040-19

(Código exp. CODEX TR-2019-221-00300001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (001.14.04)





9.3.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 175.000 € desde a aplicación 14.05.712A.732.09, "fixación de poboación no medio rural", da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a aplicación 14.04.561A.732.10, "plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e industrias Agroalimentarias.

O obxecto desta transferencia é adecuar as transferencias de financiamento da AGACAL a súa execución.

9.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.73210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2015.00636	1010	N	175.000,00	0,00

9.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..712A.73209	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A AGADER	2016.00239	1010	N	175.000,00	0,00

9.4. EXPEDIENTE TR-14-042-19

(Código exp. CODEX TR-2019-219-00300007)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

9.4.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de trescentos cincuenta e seis mil euros (356.000,00 €) dende a aplicación orzamentaria 14.05.712A.732.09, "fixación de poboación no medio rural", da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a diversas aplicacións do capítulo VI do programa 551B, "accións preventivas e infraestrutura forestal", da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O obxecto da transferencia é financiar investimentos que melloren o equipamento e dotación de cuadrillas, os equipos para os procesos de información e os dispositivos de prevención e defensa contra incendios.

9.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.02..551B.6261	Equipos para procesos de información	2015.00666	1010	N	60.000,00	0,00
001	16	14.02..551B.6281	Equipamento e dotación de cuadrillas	2010.00985	1010	N	260.000,00	0,00
001	16	14.02..551B.6401	Estudios de opinión e prevención, vixilancia, disuasión e	2008.00391	1010	N	36.000,00	0,00

9.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..712A.73209	Transferencias de capital a AGADER	2016.00239	1010	N	356.000,00	0,00





10. IMPREVISTOS

10.1. EXPEDIENTE TR-00-002-19

(Código exp. CODEX TR-2019-183-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Emerxencias e Interior. (001.05.25)

10.1.1. Descrición

Transferencia de crédito da dirección xeral de Emerxencias e Interior dende a partida orzamentaria 21.01.811B.460.1 "Fondo Adicional del Fondo de Cooperación Local" á partida orzamentaria 05.25.212A.623.1 Funcionamento operativo de protección civil e atención a emerxencias" para adquisición dun equipo de excarceración.

10.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.25..212A.6231	Maquinaria, instalacións e utensilios	2015.00086	1010	N	56.000,00	0,00

10.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	21.01..811B.4601	Fondo de cooperación local, fondo adicional	2015.00619	1010		56.000,00	0,00

10.2. EXPEDIENTE TR-23-011-19

(Código exp. CODEX TR-2019-229-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. (001.23.01)

10.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe dous millóns catrocentos catro mil euros (2.404.000 €), do programa 621B "imprevistos e función non clasificadas", á aplicación orzamentaria 23.01.621A.608.2, co obxecto de adquirir un inmovible .

10.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.01..621A.6082	Adquisición edificios	2019.00082	1010	N	2.404.000,00	0,00

10.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1010		2.404.000,00	0,00





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12-008-19; IC-12.A1-005-19
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE SANIDADE; SERGAS
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	CONSELLERÍA DE SANIDADE; SERGAS
DATA DE APERTURA	10/10/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12-008-19

IC-12.A1-005-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por un importe doce mil douscentos corenta e cinco euros (12.245,99 €)no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e da Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) , como consecuencia da existencia de remanentes de crédito polo mesmo importe correspondentes ao proxecto europeo EUNETHA

Movemento interproxectos , por importe de oito mil catrocentos sesenta e catro euros e noventa e oito céntimos na Consellería de Sanidade e de oito mil catrocentos corenta e seis euros e trinta e sete céntimos (8.446,37 €), en ACIS,

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODAL	IMPORTE
INCORPORACIÓN CRÉDITO SANIDADE			
12.01.411A.432.14	2017 00097- PROXECTO EUNETHA	4611	12.245,99
INCORPORACIÓN DE CRÉDITO ACIS			
12.A1.413A.131.00	2017 00003- PROXECTO EUNETHA	4611	9.270,24
12.A1.413A.160.00	2017 00003- PROXECTO EUNETHA	4611	2.975,75
TOTAL INCORPORACIÓN			12.245,99

CSV: BOPGDSPGKINKSWLdct1
 Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/6sw/>
 Este documento foi asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. A súa autenticidade pódese comprobar polos medios asociados á sinatura PAdES ou polo Código Seguro de Verificación no enderezo www.conselloradefoende.es

a0ca728e232469e978f0bc7f6db836f0c81b26a



APLICACIÓN	ORIXE			DESTINO		
	PROXECTO	MOD	IMPORTE	PROXECTO	MOD	IMPORTE
12.01.411A.432.14	2017 00078	1010	8.464,98	2017 00078	1040	8.464,98
TOTAL			8.464,98			8.464,98

12.A1.413A.131.00	2017 0003	1010	6.393,67	2017 0003	1040	6.393,67
12.A1.413A.160.00	2017 0003	1010	2.052,70	2017 0003	1040	2.052,70
TOTAL			8.446,37			8.446,37

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e a Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018. Artigos 14 e 15 da Orde do 1 de agosto de 2019 pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Consellería de Sanidade remite expediente no que solicita a incorporación ao vixente orzamento de gastos, dun remanente de crédito por importe de 12.245,99 €, resultante dos que figuraron orzamentados en 2017, correspondentes ao proxecto europeo EUNETHA, na consellería e en ACIS

O proxecto europeo EUNETHA está enmarcado dentro da convocatoria HP-A DHOC-20 14-2020 - Master do terceiro programa de saúde da Unión Europea,

O proxecto EUNETHA persigue mellorar o uso, calidade e eficiencia do traballo en avaliación de tecnoloxías a nivel europeo, co fin de promover a selección sustentable e equitativa das prestacións sanitarias.

A duración do proxecto é de 49 meses dende o 1/06/2016 ata 30/06/2020

O coordinador do proxecto é Zorginginstituut Nederland, figurando como socio do mesmo a ACIS

En total participan 75 organismos de avaliación de tecnoloxías representantes de 27 países de Unión Europea, Noruega e Finlandia.

O custo total da referida actuación ascende a 19.999.731,66 €, sendo cofinanciado pola U E nun 60% (utilizando un 2% para o mantemento da plataforma do proxecto, polo que deducirase do importe a transferir pola U E)

O importe total a executar pola Comunidade Autónoma ascende a 169.641,28 E €, dos que 98.391,94€ corresponde á axuda da U.E,





Para o desenvolvemento das súas funcións, ACIS, conta coa colaboración da Fundación Nóvoa Santos, que actúa como entidade afiliada, sendo o importe de cofinanciamento que se lle asigna, de 19.209, 18€

A distribución por anualidades do importe a transferir pola Unión Europea é a seguinte:

ANUALIDADE	AXUDA UE
2017	29.510,00
2018	49.100,49
2019	18.062,45
2020	1.719,00
TOTAL	98.391,94

En expediente de referencia XC-11-004-17/AM-11.A1-005-17 do 17 de xullo, de 2017

Tramitouse, na Consellería de Sanidade a xeración de crédito por un importe de 29.510,00 €, aos que corresponde unha cofinanciación por importe de 9.693,47 €.

En ACIS tramitouse unha ampliación de crédito por importe de 29.510,00 €, nas aplicacións correspondentes dos capítulos I, IV e VI, sendo os fondos propios que cofinancian de 9.693,47 €

O total do crédito quedou sen executar a 31 de decembro de 2017, un importe de 12.245,99 €, e non foi incorporado ao 2018.

Neste momento a Consellería de Sanidade e ACIS co obxecto de continuar coa execución do proxecto solicita a incorporación dos remanentes non executados.

Así mesmo para atender o cofinanciamento de fondos propios, tramítanse os movementos interproxectos detallados na proposta.

Por todo iso, e ao amparo do previsto no artigo 66.e), e 71.2) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e os artigos 14 e 14 da Orde do 1 de agosto de 2019 pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico, sométese para a súa autorización o expediente de incorporación de crédito nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral	Conselleiro de Facenda PD-10-02-2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López -Prado





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-11-005-19 IC-11.A2-003-19 PX-11-001-19 PX-11.A2-002-19
ENTIDADE / ORGANISMO	Secretaría Xeral Técnica Consellería de Cultura e Turismo
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo
DATA DE APERTURA	25/09/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-11-005-19 PX-11-004-19 IC-11.A2-003-19 PX-11.A2-002-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por un importe de corenta e nove mil douscentos corenta e sete euros con dezanove céntimos (49.247,19 €) como consecuencia do recoñecemento dun compromiso de ingreso, polo mesmo importe, correspondente ao Programa Operativo do Espazo Atlántico (POCTEP), na Consellería de Cultura e Turismo e polo mesmo importe no orzamento de gastos da Axencia Turismo de Galicia.

Movemento interproxectos, por importe de dezaseis mil catrocentos quince euros con setenta e tres céntimos (16.415,73 €) na Consellería de Cultura e Turismo e na Axencia Turismo de Galicia.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODAL	IMPORTE
INCORPORACION CRÉDITO			
11.10.761A.732.12	2017 00090- GERES XURES DINAMICO	5411	49.247,19
11.A2.761A.640.3	2017 00006- GERES XURES DINAMICO	5411	49.247,19

MOVIMIENTO INTERPROXECTOS						
APLICACIÓN	ORIXE			DESTINO		
	PROXECTO	MOD	IMPORTE	PROXECTO	MOD	IMPORTE
11.10.761A.732.12	2017 00090	1010	16.415,73	2017 00090	1040	16.415,73
TOTAL....			16.415,73			16.415,73
11.A2.761A.640.3	2017 00006	1010	16.415,73	2017 00006	1040	16.415,73
TOTAL....			16.415,73			16.415,73

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Orde do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.



8478b4e27008e415c882c33440a36e29546222e





1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

O Comité de xestión do programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, aprobou o 06.04.2017 a listaxe definitiva de proxectos da primeira convocatoria, figurando entre eles o 0220_GERES_XURES_DINAMICO_1_E do que é beneficiaria principal a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, e no que figuran 11 beneficiarios mais entre eles como nº 3 a Axencia Turismo de Galicia.

O proxecto ten como obxectivo principal fortalecer a entidade e identidade propia da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerés-Xurés, mediante o fortalecemento da participación activa dos actores do territorio, a promoción do seu desenvolvemento económico e turístico sostible e a protección e a conservación do seu patrimonio natural e cultural.

Identificación do proxecto:

Código	0220-GERES_XURES_DINAMICO-1_E
Acrónimo	GERÉS_XURES_DINAMICO
Título	Dinamización conxunta da reserva da biosfera transfronteiriza Gerés_Xurés
Área de cooperación	1 Galicia- Norte de Portugal
Eixe	3 Crecemento sostible a través da cooperación transfronteiriza pola prevención de riscos e a mellora da xestión dos recursos naturais
Obxectivo Temático	6-Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos
Prioridade de investimento	6D-Protección e restablecemento da biodiversidade e do solo e o fomento dos servizos dos ecosistemas, inclusive a través da Natura 2000 e de infraestruturas
Obxectivo específico	OE6D mellorar a protección e xestión sostible dos espazos naturais

O gasto elixible total do proxecto ascende a 1.971.901,54 €, dos 1.478.926,17 € (75%) corresponden á axuda do FEDER.

A duración do proxecto estaba establecida, a partir da sinatura da Autoridade de Xestión, ata o 31/12/2019.

O importe a executar pola Axencia Turismo de Galicia ascende a 150.000,00 €, dos que 112.500,00 € corresponden a axuda do FEDER coa seguinte distribución por anualidades

ANUALIDADE	AXUDA FEDER	COF. FCA	TOTAL
2016	3.886,88	1.295,62	5.182,50
2017	49.485,00	16.495,00	65.980,00
2018	34.485,00	11.495,00	45.980,00
2019	24.643,12	8.214,38	32.857,50
TOTAL	112.500,00	37.500,00	150.000,00





No expediente coa referencia XC-04-006-17 AM-04.A2-008-17, do 10.08.2017, tramitouse, na Presidencia da Xunta de Galicia a xeración de crédito, por un importe de 53.371,88 €, aos que lle corresponde un cofinanciamento de 17.790,62 €.

Polo que se refire á Axencia Turismo de Galicia as modificacións foron as seguintes:

Alta proxecto: Proxecto 2017 00006 "GERES_XURES-DINÁMICO "

A) Ampliación de crédito:

APLICACIÓN	FEDER INTERREG (5410)
04.A2.761A.640.3	53.371,88

B) Movemento interproxectos:

APLICACIÓN	ORIXE			DESTINO		
	PROXECTO	MOD	IMPORTE	PROXECTO	MOD	IMPORTE
04.A2.761A.640.3	2016 00001	1010	17.790,62	2017 00006	1020	17.790,62

A 31.12.2017 o total do crédito, 49.247,19 €, quedou sen executar e non foi incorporado ao exercicio de 2018.

Neste momento a Axencia Turismo de Galicia co obxecto de continuar coa execución do proxecto solicita a incorporación dos remanentes non executados, o que implica simultaneamente a incorporación nas aplicacións correspondentes á transferencia de financiamento na Consellería de Cultura e Turismo.

Así mesmo, para atender o cofinanciamento de fondos propios tramítanse os movementos interproxectos detallados na proposta.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e 71.2) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, somete para a súa autorización o expediente de incorporación de crédito nos termos expostos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	Conselleiro de Facenda PD-10-02-2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López -Prado



Á MESA DO PARLAMENTO

Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Mixto, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda, á maior brevidade posible, á tramitación da comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Industria para dar conta da situación do parque eólico Serra do Oribio.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xoaquín María Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2019 17:09:28



José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2019 17:11:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:13:29

Luis Villares Naveira na data 21/11/2019 17:37:24



Á Mesa do Parlamento

Os Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente do Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia** ante o **Pleno** para dar conta do anuncio de supresión do paritorio no Hospital Comarcal de Verín.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 25/11/2019 12:16:17





Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2019 12:22:35




José Manuel Lago Peñas na data 25/11/2019 12:29:12

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 12:30:42





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar "da liña de traballo de cara á negociación de TAC e cotas para 2020".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 25/11/2019 13:47:18

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




CSV: BOPGDSPGKINKsWLdct
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVE: E990D9N1
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para informar “sobre a implantación do Plan Galego de Atención Primaria”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 25/11/2019 13:36:38

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGKINKsWLdct
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CME: exCovP1090
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao informe elaborado por “expertos” sobre a Atención Primaria.

Como resposta á situación de deterioro da Atención Primaria denunciada por multitude de colectivos, profesionais, sindicatos, organizacións veciñais, organizacións científicas, organizacións sociais, organizacións de enferm@s, organizacións políticas... e diante dunha convocatoria de folga, no mes de abril o Sergas accedeu a crear unha mesa de diálogo solicitada polos Sindicatos e o Comité de Folga, para facer unha avaliación e análise da situación da Atención Primaria e propostas para a súa mellora, e elaborar un novo modelo de Atención Primaria en Galiza, que fora capaz de resolver os gravísimos problemas denunciados.

Constituíronse 15 Comisións Técnicas, formadas por máis de 200 persoas dos diferentes colectivos que conforman a Atención Primaria. Levan polo tanto sete meses traballando na proposta de carteira de servizos de cada categoría na AP, no mapa de competencias, nas propostas para resolver os problemas do día a día..

Neste contexto o día 13 de novembro, a Consellaría de Sanidade presentou un documento titulado “Por unha atención primaria vertebradora del sistema de salud. Documento estratégico y de gestión (noviembre 2019)”. Fíxose a presentación en castelán, como o enésimo agravio ao noso idioma feito pola Consellaría de Sanidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este documento, en español, foi presentado por varios “expertos”, dunha “comisión” encargada pola Consellaría de Sanidade formada por 16 persoas, entre elas Rafael Bengoa e Jordi Varela, de consultorías privadas de fóra de Galiza. Segundo informou o xerente do Sergas, este informe non é vinculante.

Polo tanto temos que a Xunta de Galiza ten lanzado tres propostas distintas para dar resposta á grave situación da Atención Primaria: un Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, un documento de “expertos” e o Consello Técnico de AP.

Diante desta situación formúlase a seguinte interpelación:

1.- Cal é o obxectivo de ter lanzado tres ámbitos de traballo diferentes en teoría para o mesmo fin de poñer en marcha un Novo Modelo de Atención Primaria?

2.- Cal é a razón de ter encargado a unha “comisión de expert@s”, entre @s que están persoas de consultorías privadas de fóra de Galiza, a elaboración dun informe no que xa están traballando máis de 200 profesionais galegos relacionados coa Atención Primaria?

3.- Cales foron os criterios para seleccionar esta “comisión de expert@s”?

4.- Tivo algún custe económico esta comisión? De ser afirmativa a resposta cal foi a contía? Quen cobrou e en que conceptos?

5.- Van ser vinculantes as propostas que xurdan do Consello Técnico formado por 15 comisións e máis de 200 profesionais?

6.- Que prazos manexa para as conclusións do Consello Técnico e para a posta en marcha das propostas que contemplan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7.- Como van conciliar as medidas, as propostas, xurdidas do Consello Técnico e do grupo de “expertos?”

8.- Cal é a contía que reservan nos orzamentos da Xunta para 2020 para efectivizar as propostas que saian do Consello Técnico?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2019 18:00:25

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2019 18:00:33

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2019 18:00:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2019 18:00:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2019 18:01:02

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 18:01:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN, sobre o futuro de Vulcano

Hai anos que o estaleiro Vulcano pasa por dificultades sen que o Goberno galego fora quen de poñer solucións sobre a mesa. Todo o contrario. Finalmente, Vulcano presentou a solicitude de liquidación no Xulgado do Mercantil número 3 da cidade de Vigo. Un anuncio feito trala entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente.

A situación de debilidade e incerteza non é nova. De feito, o cadro de persoal leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, debido á escasísima carga de traballo, e houbo meses nos que permaneceron sen cobrar.

Deste xeito, o Goberno galego era perfectamente coñecedor da situación que se vivía na empresa. Tanto foi así que o director do Igape, Juan Cividanés hai aproximadamente dez meses animou aos representantes dos traballadores a non asinar o ERE senón encamiñarse a unha liquidación controlada da empresa que permitira que un novo inversor se fixera cargo da industria. Inversor que o propio goberno se comprometía a buscar. Porén, dez meses despois, precisamente en pleno proceso de liquidación, o goberno di que o inversor que prevía non está pasando por un bo momento, desaparece e abandona aos 69 traballadores que estaban actualmente na empresa á súa sorte.

Así o denunciou o comité de empresa, que lamenta que se deixe caer o estaleiro sen facer nada.

Isto ata o momento no que aparece o anuncio de Vicalsa no que manifesta o seu



interese por facerse cargo do estaleiro cun proxecto de construción e transformación naval. Un proxecto que pasaría pola prórroga da concesión dos terreos que remataría en 2027.

É fundamental que a Xunta tome partido e evite que desapareza unha peza fundamental do tecido industrial galego. As administracións deben tomar medidas para garantir que o uso futuro dos terreos continúen destinándose a actividade industrial naval e a xeración de postos de traballo.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Que valoración fai o goberno galego do anuncio de Vicalsa?
- 2.) Vai facer algo o Goberno galego para favorecer a continuidade de uso industrial dos terreos?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 18:12:07

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 18:12:20



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 18:25:31
Nº Rexistro: 58971
Data envío: 18/11/2019 18:25:31.357

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa aos patios de recreo inclusivos e coeducativos.

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe no respecto e inclusión da diversidade.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas.

Un dos aspectos de desigualdade sobre os que se ten reflexionado nos últimos tempos é o que afecta ao uso dos espazos. Neste senso, unha escola verdadeiramente inclusiva e igualitaria require que os espazos, servizos, procesos, materiais e produtos podan ser utilizados por todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación e se incorporen as condicións que aseguren a accesibilidade física, cognitiva, sensorial e emocional.

Se falamos dos patios educativos e de recreo, lugar na que as nenas e nenos pasan, de media, unhas 525 horas ao ano, é evidente que o espazo central está



ocupado, maioritariamente, polos campos de xogos de pelota, nos que se concentran, maioritariamente, os nenos, deixando ás nenas arrinconadas en lugares secundarios.

Para reequilibrar estes usos diferenciados, están xurdindo diversas iniciativas consistentes na redistribución de zonas nos patios, diferenciando contornas e democratizando o espazo. Deste xeito, en determinados proxectos resérvase unha zona para xogos de pelota, pero tamén outras para outros usos; habílanse zonas verdes e hortos educativos; píntanse no chan 'taboleiros' para xogos tradicionais como a mariola, o tres en raia, as carreiras de chapas, o fútbol con chapas, o twister... convertendo o patio nun lugar de lecer pero tamén de aprendizaxe, a través de xogos inclusivos e non excluíntes.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte

INTERPELACIÓN:

- Vai tomar algunha medida o Goberno galego para favorecer a existencia de patios coeducativos e inclusivos para todas as nenas e nenos?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58977
Data envío: 18/11/2019 19:41:58.590

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 19:37:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/11/2019 19:37:31

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 19:37:41

Marcos Cal Ogando na data 18/11/2019 19:37:52

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista que, lonxe de se reducir, repunta. E, a pesares de que Galicia rexistrou 6.537 denuncias por violencia de xénero en 2018 (foran 6.436 en 2017, que xa subira un 13,3 % sobre o ano 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller no noso país, en Vigo e en A Coruña.

Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100.000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Xa que logo, considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de A Coruña e de Vigo sería unha boa solución.

En resposta de 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que se ía a elaborar un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego (nada sabemos dos seus resultados), chegando incluso a asinar un convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural. Nada sabemos de como se chegou a el.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Comparte o Goberno galego que non vivir en Vigo ou na Coruña sexa un factor de vulnerabilidade no ámbito da violencia machista na nosa Comunidade Autónoma?
2. Comparte o Goberno que o achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil para a loita contra a violencia machista?
3. Comparte o Goberno que a comarcalización dos servizos do Imelga, as oficinas de atención ás vítimas e a Policía xudicial resultará útil para a loita contra a violencia machista?
4. Cales teñen sido os resultados do estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego?
5. Como foi elaborado o convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais de Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Óscar Vilar Chento
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2019 16:31:43

María Luisa Pierres López na data 19/11/2019 16:31:52

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2019 16:32:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2019 16:35:09

Oscar Vilar Chento na data 19/11/2019 16:35:22

María Teresa Porritt Lueiro na data 19/11/2019 16:35:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2019 16:35:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quintero Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á pobreza menstrual en Galicia.

Hai uns meses os xornais recollían a iniciativa do goberno de Escocia de achegar de xeito gratuíto ás estudantes compresas e tampóns. Unha iniciativa que respondía á detección da chamada pobreza menstrual: a imposibilidade de utilizar produtos axeitados e na cantidade necesaria para cubrir as súas regras mensuais.

Se unha quere buscar estes datos para o noso país a resposta é o silencio. A pobreza menstrual, tanto en Galicia como no Estado, ignórase, non hai estudos. Porén, tendo en conta que menstruar ten un custe medio duns 12 euros ao mes, o que supón 144 euros anuais, que chegarían a máis de 5000 euros na vida dunha muller. Cifras que nos poñen en alerta sobre as dificultades que moitas mozas poden ter para facer fronte a estes gastos. Pero hai máis, asociacións como Mensajeros de la Paz, encargados da xestión de moitos bancos de alimentos informan de que precisamente as compresas son un dos produtos máis demandados polas familias que demandan os seus servizos.

Unha copa menstrual, pola contra, ten un prezo de mercado entono aos 15-30 euros, para unha durabilidade media de dez anos, é dicir que gastaremos entono a 60-120 euros en toda a nosa vida. En resumo: hai unha diferenza substancial de prezo, gastaríamos entono a 50 veces menos.

Mais non só falamos dunha cuestión económica, falamos tamén de información e



empoderamento. A día de hoxe, e coa ausencia de educación sexual nos centros educativos, resulta que hai empresas privadas que fan visitas aos institutos explicando as vantaxes dos seus produtos. Que as rapazas coñezan as múltiples opcións de produtos dos que poden dispoñer é unha cuestión fundamental para que podan tomar unha decisión informada e libre e non unicamente mediada polos intereses do gran capital.

E, por último, o uso de tampóns e compresas ten un perigo ecolóxico certo. Tendo en conta que falamos de produtos de usar e tirar estamos ante un negocio millonario pero pouco sustentable ecoloxicamente. Cada ano rexéitanse máis de 3 mil millóns de tampóns e compresas no estado.

Segundo a organización ecofeminista Women's Environmental Network, ata o 90% dunha compresa e o 6% dun tampón é plástico. O resto é pulpa de madeira, rayón ou algodón. A isto hai que sumarlle o plástico de aplicadores e envoltorios. Os aplicadores están feitos a base de polietileno e polipropileno, materiais que tamén se engaden á corda do tampón para que sexa máis resistente, os dous principais plásticos achados nos océanos. A maiores, os produtos sanitarios son o quinto residuo plástico máis común no lixo achado nas praias europeas, segundo datos da Comisión Europea, por encima das cuncas de café de plástico, os cubertos dun só uso ou as palliñas.

Tendo en conta que unha muller pode usar entorno a 8000 produtos menstruais ao longo da súa vida que poden supor máis de 300.000 quilos de residuos derivados.

Ante a alarma da comunidade educativa pola inminente apertura do curso escolar e estando as obras das instalacións do Virxe do Carme sen rematar a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional dicía o día 10 de setembro de 2019 que o inicio das clases non se retrasaría en ningún centro educativo a pesar de que existían colexios nos que aínda continuaban as obras, como era o caso do Virxe do Carme de Burela. E entón neste momento, foi cando entraron as presas por rematar as obras, debido ao atraso que se deu nelas por unha absoluta falta de planificación por parte do Goberno galego.

Este mesmo martes, 12 de novembro de 2019 o delegado territorial da Xunta en Lugo e o presidente do PP de Burela facían unhas declaracións vendendo os investimentos da Xunta de Galicia en Burela e falaban de que a Xunta viña de rematar a obra de remodelación integral do Colexio Virxe do Carme de Burela, na que se investiran preto dun millón de euros.

O 15 de novembro de 2019 no Colexio Virxe do Carme de Burela segue a chover e ten filtracións que causaron importantes danos, a pesares da obra recentemente acometida, que parece non aguantar o primeiro temporal do curso.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Coñece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional cales son as causas polas que se produciron estas novas filtración no CEIP Virxe do Carme de Burela, tras a reforma integral do centro?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2019 13:40:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2019 13:40:16

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2019 13:40:29



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista que, lonxe de se reducir, repunta. E, a pesares de que Galicia rexistrou 6.537 denuncias por violencia de xénero en 2018 (foran 6.436 en 2017, que xa subira un 13,3 % sobre o ano 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller no noso país, en Vigo e en A Coruña.

Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100.000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Xa que logo, considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de A Coruña e de Vigo sería unha boa solución.

En resposta de 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que se ía a elaborar un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego (nada sabemos dos seus resultados), chegando incluso a asinar un convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural. Nada sabemos de como se chegou a el.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que non vivir en Vigo ou na Coruña sexa un factor de vulnerabilidade no ámbito da violencia machista na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Óscar Vilar Chento
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2019 16:25:30

María Luisa Pierres López na data 19/11/2019 16:25:39

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2019 16:25:51

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2019 16:26:03

Oscar Vilar Chento na data 19/11/2019 16:26:15

María Teresa Porritt Lueiro na data 19/11/2019 16:26:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2019 16:26:42



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A necesidade do dragado do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando desde hai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, Asociacións, os clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sofre o porto deportivo de Foz, Porto Chico, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias *zodiacs* de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG de Foz ten amosado publicamente o apoio ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa en 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometese esta dragaxe.

Na sesión do 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de Lei na Comisión 8ª na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que realizase esta obra da dragaxe de xeito urxente. Non obstante, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen empeorando, sen que a Xunta de Galicia aporte ningunha solución. A falta de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír do dito porto, coa conseguinte falta de seguridade que isto implica. O problema dáse coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións atracadas nos pantaláns.

Esta situación complicouse se cabe, mais aínda, o pasado verán cando os socorristas de Barreiros tiveron que actuar desde a praia para socorrer a varios bañistas ante a imposibilidade de empregar a súa *zodiac* de salvamento, atracada no Porto Chico de Foz, que debido a esa falta de calado impediu saír do porto de Foz ás embarcacións de salvamento.



De novo o 12 de setembro de 2019 aprobouse por unanimidade na Comisión 8ª unha proposición non de lei para acometer unha mellora integral do Porto Chico de Foz.

Pero a pesar de todos estes acordos parlamentarios no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, non aparece ningunha partida específica para realizar a mellora integral do Porto Chico nin tampouco para a súa dragaxe. O Grupo Socialista presentou unha emenda a estes orzamentos para incluír unha partida específica para a dragaxe do Porto Chico (Tupide) e a mellora da protección por importe de 820.000 €. Dous días máis tarde a presidenta de Portos de Galicia anunciáballes á Asociación A Ribeira de Foz, que dentro dos gastos xenéricos de Portos aparece contemplada unha partida destinada a contratar a asistencia técnica que servirá para preparar a documentación e iniciar os estudos correspondentes para poder facer o dragado do Porto Chico.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a partida xenérica de Portos de Galicia, no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se contempla a contratación da asistencia técnica que servirá para preparar a documentación e iniciar os estudos correspondentes para poder facer a dragaxe do Porto Chico de Foz?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2019 17:09:23

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2019 17:09:35





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Hai poucos días, diversos medios de comunicación recollían a nova da sinatura dun acordo entre a empresa Navantia e Siemens para o desenvolvemento dixital das futuras fragatas F-110. Segundo o contido do acordo dado a coñecer publicamente pola empresa Siemens, esta daríalle cobertura virtual a todo o proceso de construción; desde o deseño inicial ao mantemento do buque construído. E, para iso –sempre segundo a información que traslada a devandita empresa- conformaríase un “Centro de Excelencia do Sector Naval (Cesena)” que estaría ubicado en Santiago de Compostela.

Chama a atención que, nun momento de incerteza ao respecto do futuro da empresa pública Navantia, do debate sobre a necesidade de reabrir a súa actividade a todos os segmentos da construción naval -fuxindo do monocultivo no campo militar- e optimizando as grandes posibilidades dos estaleiros da ría de Ferrol; se adopte unha decisión que, cando menos, resulta irracional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falamos, que contando con dous estaleiros –que constitúen, de feito, un potencial complexo integral da construción naval, dando acubillo a numerosas empresas auxiliares- cun Campus que imparte titulacións relacionadas co naval, cun Centro de Innovacións e Servizos (CIS) que podería operar na práctica como centro tecnolóxico do naval e, ademais, cun porto de interese xeral do Estado; se adopte a decisión de ubicar en Compostela o que supostamente vai ser cerne do proceso de deseño e mantemento para os buques que está previsto construír.

Chama cando menos a atención, ademais, que a Xunta de Galiza – implicada na colaboración con Navantia no capítulo da investigación no que denominan Asteleiro 4.0- decida manterse ao marxe desta decisión; polo que formulamos a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É coñecedora a Xunta do acordo acadado entre Navantia e Siemens para a creación do “Centro de Excelencia do Sector Naval (Cesena)”, das funcións que desenvolvería o devandito organismo, e da decisión de ubicalo en Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 17:27:21

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 17:27:29

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 17:27:40

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 17:27:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 17:33:49

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 17:33:58



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proceso de adxudicación das oficinas de farmacia de Galicia, pasado o procedemento administrativo correspondente, debese estar resolto e coas licencias entregadas no pasado 14 de setembro. O acto habitual que se realiza para este trámite non foi realizado.

Existe un número substancial de recursos e diversas reclamacións sobre os procedementos e a adxudicacións, o que enlenteceu o proceso pero, ademais, amosa un problema engadido acerca da propia transparencia do procedemento de concesións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que número de reclamacións e recursos téñense presentado contra a resolución do último proceso de concesións de licencias de farmacias en Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2019 17:45:54

Noela Blanco Rodríguez na data 19/11/2019 17:46:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de que o goberno galego asegure o mantemento dun número suficiente de persoal de pediatría na comarca do Ribeiro.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por especialistas de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Ribadavia por mor da falta de cobertura de baixas e pola proximidade á xubilación dun dos dous facultativos especializados.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos datos de poboación do Instituto Galego de Estatística constan 1.201 nenos e nenas menores de 16 anos, polo que acorde ás recomendacións na materia é preciso que se manteñan, cando menos, os dous postos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai garantir o goberno galego a cobertura das dúas prazas de pediatría en Ribadavia nos próximos anos?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 18:49:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 18:49:33

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 18:49:40

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 18:49:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 18:50:02

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 18:50:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa a pista exterior do CEIP San Pedro de Visma.

Hai uns anos que a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, decidiu levar a cabo obras na pista exterior cuberta do CEIP San Pedro de Visma na cidade da Coruña, para atender os problemas de accesibilidade que se producían no acceso ao ximnasio. A intervención consistiu no levantamento de dúas paredes laterais deixando a pista sen pechar na súa totalidade e sen iluminación.

Esta situación provoca que, coa redución das horas de sol propias desta época do ano, as actividades que realiza o alumnado a partir das catro da tarde teñen lugar a escuras ou iluminados parcialmente con focos portátiles que achegan as ANPAS.

A este problema, que vén sendo denunciado reiteradamente pola comunidade educativa, engádese agora a existencia de pingueiras nos corredores e tamén nalgunhas aulas, unha situación que para o Bloque Nacionalista Galego, é inadmisíbel.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza ao respecto da situación na que se atopa o CEIP San Pedro de Visma?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 19:04:08

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 19:04:17

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 19:04:21

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 19:04:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 19:04:39

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 19:04:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á modificación do proxecto viario en Corvillón, Cambados, para compatibilizar as medidas de seguridade vial coas demandas d@s veciñ@s.

Actualmente está en execución, na Parroquia de Corvillón concello de Cambados, un proxecto viario da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia incluído no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020. Implica actuacións na estrada autonómica PO-549 así como noutras estradas secundarias conectadas con esta, especialmente no vial de acceso ó Lugar da Veiga ,actualmente de dobre sentido e que este proxecto pretende transforma a sentido único.

d@s veciñ@s do Lugar da Veiga (Corvillón) manifestaron que esta modificación do sentido de circulación causaría un grave trastorno d@s residentes da rúa pois coa nova proposta viaria estarían obrigados a saír á estrada xeral PO-549 en dirección Vilanova, percorrer 1,5 Km até a rotonda máis próxima, situada xa no Concello de Vilanova, para volver ó punto de saída e seguir en dirección Cambados. Parécelles un longo percorrido que lles complica a circulación viaria na súa parroquia e consideran que existen outras opcións máis axeitadas.

d@s veciños afectados, arredor de 50, asinaron unha petición de modificación deste proxecto que foi enviada o 24 de setembro á delegación de Pontevedra da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría de Medioambiente Territorio e Infraestruturas en Pontevedra. Xunto coas sinaturas aportaron unha proposta que consideran factíbel e que mantería a seguridade viaria na zona de A Veiga, consistente en manter o dobre sentido do citado vial, ampliando unicamente os espazos no entronque coa estrada autonómica PO 549, pois existe marxe de ampliación en ámbalas beiras. Así mesmo, permitir o acceso a este vial só aos vehículos que veñen desde Cambados e a saída de automóbiles só en dirección Vilanova.

Así mesmo, no outro extremo do vial da Veiga, no punto de entronque coa estrada provincial EP-9005, coa modificación proposta pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, @s veciñ@s consideran que se incrementaría moitísimo o tráfico nun lugar perigoso pola escasa visibilidade de acceso á citada estrada provincial.

Ao xa relatado hai que engadir que se trata dunha zona agrícola, e que o actual proxecto xa non é só que prexudique @s veciñ@s, obrigánd@s a realizar un percorrido moito máis longo, senón que tamén se incrementarán os vehículos agrícolas tanto na estrada obxecto da reforma como noutras da zona de influencia.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai atender as peticións d@s veciñ@s do lugar da Veiga na parroquia de Corvillón, de xeito que no proxecto que está realizando a Consellaría de Infraestrutura e Mobilidade, na súa parroquia, se compatibilicen as súas demandas de manter o dobre sentido, coas medidas de seguridade?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 19:53:14

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 19:53:22

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 19:53:27

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 19:53:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 19:53:44

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 19:53:50



Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

A Cidade da Cultura de Galicia cumprirá 10 nos da súa inauguración en xaneiro de 2021, coincidindo co inicio do Ano Santo.

Efectivamente, o 11 de xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca da Cidade da Cultura, despois de 10 anos de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

A partir de aquí, o proxecto da Cidade da Cultura tamén estivo afectado pola crise económica que obrigou, por unha banda, a unha ralentización das obras e mesmo a súa paralización e, por outra banda obrigou a cambios de uso dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Non será ata esta última lexislatura cando a CdC colla un novo pulo, un impulso necesario e importante tanto para rematar o proxecto como para deseñar contidos e actividades deste gran complexo.

E agora estamos na recta final e previsiblemente, no inicio do Xacobeo 2021 a Cidade da Cultura estará rematada desde o punto de vista construtivo abrindo unha nova etapa xa que, a partir de aí, será o aspecto funcional e competencial o que rexa as actividades e relacións na Cidade da Cultura de Galicia.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016 recollía o seguinte compromiso: “*Converteremos a Cidade da Cultura nun lugar de encontro cultural e referente en tecnoloxía*”, enunciando diversas medidas para acadar este obxectivo.

Por todo iso os deputados e as deputadas do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta oral en pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



-Cal é o balance do goberno galego sobre a Cidade da Cultura de Galicia ?

Santiago de compostela, 20 novembro 2019.

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 20/11/2019 09:40:50

Teresa Egerique Mosquera na data 20/11/2019 09:41:09

Sandra Vázquez Domínguez na data 20/11/2019 09:41:20

Carlos Gómez Salgado na data 20/11/2019 09:41:33

María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 09:41:45

Antonio Mouriño Villar na data 20/11/2019 09:41:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 09:42:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

O denominado Edificio Fontán é o último edificio que se vai a executar no complexo da Cidade da Cultura de Galicia.

No mes de xuño de 2018, o propio Presidente da Xunta de Galicia presentaba este edificio que se construíría a partir da estrutura paralizada do Teatro da Ópera, nun exercicio de reciclaxe, eficiencia e eficacia dos recursos públicos.

Un edificio que engade un novo referente para a Cidade da Cultura ao vincularse co sistema universitario de Galicia, a través da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do Consorcio Interuniversitario de Galicia e do Centro de Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais.

A iso temos que engadir, a colaboración co CSIC cuxo departamento de patrimonio tamén terá unha presenza no devandito edificio, tal e como se explicou xa no Parlamento de Galicia en abril de 2019.

Desde entón, podemos observar como este edificio vai tomando forma, e como a súa silueta complementa e completa este complexo cultural, pero tamén un complexo avanzado en novas tecnoloxías grazas a AMTEGA e próximamente un complexo que prestará servizo ao sistema universitario de Galicia impulsando a calidade da docencia, a investigación, a innovación e a transferencia do coñecemento, entre outras cousas.

Por todo iso os deputados e as deputadas do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta oral en pleno:

-Cal é a previsión do goberno galego con respecto ao Edificio Fontán da Cidade da Cultura?

Santiago de Compostela, 20 novembro de 2019.



Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 20/11/2019 09:54:06

Teresa Egerique Mosquera na data 20/11/2019 09:54:18

Sandra Vázquez Domínguez na data 20/11/2019 09:54:34

Carlos Gómez Salgado na data 20/11/2019 09:54:47

María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 09:55:00

Antonio Mouriño Villar na data 20/11/2019 09:55:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 09:55:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rode os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:





Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2019 11:36:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2019 11:37:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2019 11:37:26



Á Mesa do Parlamento

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Servicio de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova (Ourense) da cobertura os concellos seguintes: Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedevea, Lobios, Cartelle e o propio Concello de Celanova.

Este servizo de radiodiagnóstico leva máis de tres meses avariado cos prexuízos que isto provoca os habitantes destes quince concellos, dende o custo económico e de tempo que supón o desprazamento, que en algún dos concellos chega ata 80 quilómetros, e o retraso no diagnóstico que a súa vez provoca a demora no tratamento a seguir polos e polas pacientes, co agravante de que a maioría dos pacientes son homes e mulleres de idade avanzada

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando se vai a restablecer o Servicio de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2019 15:57:03





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59129
Data envío: 20/11/2019 16:19:06.384

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 15:57:12

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2019 15:57:23

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quintero Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PRE-GUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á pobreza menstrual en Galicia.

Hai uns meses os xornais recollían a iniciativa do goberno de Escocia de achegar de xeito gratuíto ás estudantes compresas e tampóns. Unha iniciativa que respondía á detección da chamada pobreza menstrual: a imposibilidade de utilizar produtos axeitados e na cantidade necesaria para cubrir as súas regras mensuais.

Se unha quere buscar estes datos para o noso país a resposta é o silencio. A pobreza menstrual, tanto en Galicia como no Estado, ignórase, non hai estudos. Porén, tendo en conta que menstruar ten un custe medio duns 12 euros ao mes, o que supón 144 euros anuais, que chegarían a máis de 5000 euros na vida dunha muller. Cifras que nos poñen en alerta sobre as dificultades que moitas mozas poden ter para facer fronte a estes gastos. Pero hai máis, asociacións como Mensajeros de la Paz, encargados da xestión de moitos bancos de alimentos informan de que precisamente as compresas son un dos produtos máis demandados polas familias que demandan os seus servizos.

Unha copa menstrual, pola contra, ten un prezo de mercado entorno aos 15-30 euros, para unha durabilidade media de dez anos, é dicir que gastaremos entorno a 60-120 euros en toda a nosa vida. En resumo: hai unha diferenza substancial de prezo, gastaríamos entorno a 50 veces menos.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Mais non só falamos dunha cuestión económica, falamos tamén de información e empoderamento. A día de hoxe, e coa ausencia de educación sexual nos centros educativos, resulta que hai empresas privadas que fan visitas aos institutos explicando as vantaxes dos seus produtos. Que as rapazas coñezan as múltiples opcións de produtos dos que poden dispoñer é unha cuestión fundamental para que podan tomar unha decisión informada e libre e non unicamente mediada polos intereses do gran capital.

E, por último, o uso de tampóns e compresas ten un perigo ecolóxico certo. Tendo en conta que falamos de produtos de usar e tirar estamos ante un negocio millonario pero pouco sustentable ecoloxicamente. Cada ano rexéitanse máis de 3 mil millóns de tampóns e compresas no estado.

Segundo a organización ecofeminista Women's Environmental Network, ata o 90% dunha compresa e o 6% dun tampón é plástico. O resto é pulpa de madeira, rayón ou algodón. A isto hai que sumarlle o plástico de aplicadores e envoltorios. Os aplicadores están feitos a base de polietileno e polipropileno, materiais que tamén se engaden á corda do tampón para que sexa máis resistente, os dous principais plásticos achados nos océanos. A maiores, os produtos sanitarios son o quinto residuo plástico máis común no lixo achado nas praias europeas, segundo datos da Comisión Europea, por encima das cuncas de café de plástico, os cubertos dun só uso ou as palliñas.

Tendo en conta que unha muller pode usar entorno a 8000 produtos mensuais ao longo da súa vida que poden supor máis de 300.000 quilos de residuos derivados.

Pola súa banda, a copa menstrual pode durar ata 10 anos e neste tempo calcúlase que xera o 0.4% dos refugallos plásticos producidos polas compresas dun só uso ou o 6% polo uso de tampóns, segundo concluíu un recente estudo publicado en



The Lancet. É dicir, é unha opción moito máis respectuosa co medio. O seu uso remataría con centos e centos de toneladas ao ano de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten datos o Goberno galego sobre a pobreza menstrual en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/11/2019 16:15:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2019 16:15:53

Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2019 16:16:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Un dos principios básicos da nosa democracia é o de suficiencia financeira das entidades locais, posto que perciben os seus ingresos tamén a través das comunidades autónomas, no noso caso da galega, que os distribúe de acordo cos criterios legais que ela mesma determina. Este principio recóllese no artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cando dispón que se dotará ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais. É dicir, as entidades locais galegas participan dos recursos da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional. Niso consiste o Pacto de Cooperación Local. Cal é o problema? Que o pacto aínda non está desenvolto na súa totalidade polo Goberno galego e que as cantidades que recibe cada entidade local por provincias non é posible coñecelas, tampouco para a provincia de Pontevedra.

Así, nos artigos 56 e seguintes do Proxecto de lei de orzamentos que se está a debater no Parlamento de Galicia regúlase en abstracto como se fará o reparto do Fondo de Cooperación Local na Comunidade. En concreto, para o ano 2020, os coeficientes de reparto por concellos pontevedreses figuran no Anexo VI, mais non as cantidades, e os convenios e subvencións coas entidades locais pontevedresas recólleos o Anexo VII, se ben non se fan de xeito individualizado. O que significa que resulta imposible saber que cantidades ten transferido a Xunta de Galicia a cada concello da provincia de Pontevedra co Fondo de Cooperación Local. Curiosamente, o Goberno do Estado dá as cantidades exactas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cumpre o Goberno galego o artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para os concellos da provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2019 16:27:23

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 16:27:32

María Luisa Pierres López na data 20/11/2019 16:27:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/11/2019 16:27:54

María Teresa Porritt Lueiro na data 20/11/2019 16:28:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**.

O amianto é un axente químico canceríxeno que está presente en materiais tradicionalmente empregados na construción de edificios, tubarias, paredes, depósitos de auga, etc. Actualmente a súa comercialización e uso están prohibidos, aínda que o asunto abórdase principalmente dende unha óptica laboral en relación a súa normativa e seguridade ou como unha enfermidade profesional, que tras moitos anos de loita comprobouse como afectaba e cales eran as gravísimas consecuencias na saúde dos traballadores e traballadoras afectadas e das súas familias.

Con todo, a situación co amianto debe ser considerada e abordada como un problema de saúde pública, máis aínda si temos en conta a cantidade de edificios públicos como colexios ou edificios privados que conteñen amianto. Expertos na materia están a advertir do grave risco do axente non só en relación á rotura do mesmo si non a súa vida útil, que se calcula entorno aos 30 e 40 anos.

O amianto foi empregado en maior cantidade entre os anos 60 e 90, polo que é posible que tanto por antigüidade como por exposición a axentes climatolóxicos estea chegando xa ao fin da súa vida útil.

Ante as consecuencias para a saúde que pode causar esta exposición, tales como cancro, asbestose ou outras doenzas respiratorias, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda formula a seguinte pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cales son as accións realizadas polo Goberno da Xunta de Galicia en relación a unha abordaxe global desta situación?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/11/2019 16:47:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**.

O amianto é un axente químico canceríxeno que está presente en materiais tradicionalmente empregados na construción de edificios, tubarias, paredes, depósitos de auga, etc. Actualmente a súa comercialización e uso están prohibidos, aínda que o asunto abórdase principalmente dende unha óptica laboral en relación a súa normativa e seguridade ou como unha enfermidade profesional, que tras moitos anos de loita comprobouse como afectaba e cales eran as gravísimas consecuencias na saúde dos traballadores e traballadoras afectadas e das súas familias.

Con todo, a situación co amianto debe ser considerada e abordada como un problema de saúde pública, máis aínda si temos en conta a cantidade de edificios públicos como colexios ou edificios privados que conteñen amianto. Expertos na materia están a advertir do grave risco do axente non só en relación á rotura do mesmo si non a súa vida útil, que se calcula entorno aos 30 e 40 anos.

O amianto foi empregado en maior cantidade entre os anos 60 e 90, polo que é posible que tanto por antigüidade como por exposición a axentes climatolóxicos estea chegando xa ao fin da súa vida útil.

Ante as consecuencias para a saúde que pode causar esta exposición, tales como cancro, asbestose ou outras doenzas respiratorias, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda formula a seguinte pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Con que plans conta a Xunta de Galicia para levar a cabo un mapeo de localización, estado e retirada do amianto nos diferentes edificios públicos de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/11/2019 16:56:36





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención Primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atención Primaria, e polo tanto o que teñen é un material absoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para a súa contestación oral en pleno:

Non coida que 26 anos desde a publicación do Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria é tempo dabondo para iniciar a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2019 18:24:44

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2019 18:24:57

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2019 18:25:06

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2019 18:25:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/11/2019 18:25:24

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2019 18:25:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de publicar o estudo de déciles salariais correspondente ao ano 2018, no que os datos se desagregan por comunidades autónomas.

Nesa estatística ponse de relevancia un dato moi preocupante para o noso país: Galicia é a segunda Comunidade Autónoma ca peor evolución salarial en 2018.

Una evolución moi negativa, porque en 2018 o salario medio en Galicia é inferior ao salario de 2017, unha evolución especialmente negativa porque no resto das CCAA os salarios se incrementaron.

En concreto, en Galicia o salario medio en 2017 era de 1.870 euros mensuais baixando a 1835 euros en 2018. No quinto ano da fase expansiva da economía os salarios non só non aumentan senón que se reducen.

A evolución de Galicia é unha anomalía no conxunto do Estado, xa que na media de España o salario medio se incrementou no 3% mentres que no noso país o salario medio baixou ao 2%.

Galicia xa tiña un salario por debaixo da media do Estado polo que a peor evolución de 2018 agrava a diferenza: en 2018 o salario medio de Galicia perdeu cinco puntos sobre a media de España.

Aínda mais, das dezasete CCAA do Estado en quince aumenta o salario e só cae en Galicia e outra CCAA.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 11:40:01
Nº Rexistro: 59112
Data envío: 20/11/2019 11:40:01.916

Polo anterior, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:

-Como explica a Xunta que Galicia sexa a segunda Comunidade Autónoma coa peor evolución salarial en 2018, cunha redución do salario medio do 2% mentres que de media no Estado aumenta o 3%?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2019 11:36:47

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/11/2019 11:37:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, en relación ás bibliotecas públicas da cidade de Ourense.

O estudantado da cidade de Ourense carece de espazos públicos de estudo de calidade. A biblioteca Rosalía de Castro atópase colapsada, dando servizo a toda unha cidade. Sendo visitada non só polo alumnado dos estudos que se imparten no Campus, senón que, debido á precariedade na que se atopa a biblioteca da rúa Concello, vese obrigada a acoller tamén nas súas instalacións ao estudantado de Educación Secundaria e persoas que están preparando oposicións.

Un servizo de espazos de estudos público que conta con numerosas eivas. Destacando os seus límites horarios. Deste xeito, calquera estudante da cidade que queira traballar ou estudar durante a fin de semana verase obrigado a facelo nun espazo privado. Situación que complica a garantía de acceso a determinados recursos (libros, conexión a internet, servizo de fotocopias...) para poder levar a cabo a tarefa de aprendizaxe nunhas condicións dignas. Dándose agravios tan preocupantes como o do estudantado de informática do Campus de Ourense, que debe facer determinados exercicios que só se poden realizar mediante a conexión á rede da universidade e que ven reducido o prazo de realización dos mesmos a cinco días da semana por carecer deste servizo os sábados e domingos.

Mais a problemática dos horarios non remata aí. Este novo curso non poden darse situacións tan lamentables como as que aconteceron no pasado ano académico



cando a biblioteca Rosalía de Castro permaneceu pechada algúns días durante as vacacións de nadal, en pleno período de exames.

En decembro concluirá o traslado da biblioteca da rúa Concello ás novas instalacións en San Francisco, erguéndose, deste xeito, unha oportunidade para poder superar os problemas actuais que ten a actual biblioteca municipal. Decembro preséntase, así, como unha porta aberta para mudar o estado das bibliotecas públicas.

Non é de recibo que a cultura teña que loitar pola súa supervivencia como está acontecendo. A Xunta e o concello deben elixir que modelo de cidade queren para Ourense.

Do mesmo xeito, a Universidade de Vigo, cando remate este ano, en decembro, e se achegue o período de vacacións, debería optar por dar solucións aos problemas que aconteceron no pasado curso. Nas súas mans está o camiño cara a construción dun Campus que leve por bandeira gozar dun bo servizo de espazos de estudos todos os días do ano.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Pense o Goberno galego abrir, ou mediar para que se abran, as bibliotecas públicas da cidade de Ourense as fins de semana?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 14:13:05

Luca Chao Pérez na data 21/11/2019 14:13:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os colectivos profesionais do mar galego veñen demandando, de forma reiterada, a necesidade de actuar perante os problemas provocados pola proliferación de algas no medio mariño. Esta proliferación, que se produce en lugares diversos e por parte de organismos distintos, ten un denominador común, a dificultade para a realización do traballo dos profesionais do mar e a posible merma de recursos.

Fundamentalmente existe dous problemas derivados da proliferación de algas, por un lado o incremento destas nos fondos mariños e por outro en superficie e nas zonas intermareais. En ambos casos os profesionais do mar amosan preocupación pola repercusión que este incremento de presenza de algas supón para os recursos marisqueiros e mariñeiros. Pero nomeadamente no caso das algas acumuladas nos fondos mariños supón, ademais, un problema para as embarcacións, os aparellos e o incremento de carga de traballo nas labores de recollida.

Para o colectivo de mariscadoras a presenza en enormes cantidades de algas nos parques marisqueiros dificulta o crecemento e proliferación do recurso, polo que se ven obrigados a incrementar as xornadas de traballo dedicadas a eliminar o “esterco” co problema engadido da dificultade de xestión dos residuos.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 16:36:29
Nº Rexistro: 59217
Data envío: 21/11/2019 16:36:29.135

Polo tanto, compre actuar de forma global para coñecer con exactitude o que está acontecendo, as causas e as posibles orixes do problema e tamén para articular mecanismo para actuar sobre este e a xestión dos residuos.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte pregunta:

- Está a Xunta de Galicia estudando e analizando os motivos da proliferación de algas no medio mariño, así como os mecanismos para a súa redución?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 21/11/2019 16:22:02

Paula Quinteiro Araújo na data 21/11/2019 16:22:11



Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai meses que persoas gandeiras e agricultoras da provincia de Lugo deron a voz de alarma alertando da proliferación de roedores nas zonas de Triacastela, Pedrafita, Samos, Cervantes, Folgoso do Caurel, As Nogais e Samos.

Unha praga de roedores que xa está a ocasionar serios problemas ás ganderías localizadas en distintas comarcas da montaña lucense.

Falamos dunha especie de rata-toupa con unha bioloxía explosiva, con ciclos repetitivos de alta intensidade reprodutiva, e que ten unha especial adaptación aos hábitat de pradería.

Roedores que provocan serios danos nas plantacións ao remover a terra, nos prados, e que tamén, indirectamente, fan unha chamada ao xabaril, cando estes se achegan a comelos tras seguir o seu rastro. Provocando que os danos iniciais se multipliquen.

Estamos ante un problema medioambiental que está a ocasionar perdas no campo, perdas económicas polos danos que produce, e, incluso, pode causar un problema sanitario posto que os roedores son unha fonte de transmisión de enfermidades.

Un asunto preocupante para os gandeiros e agricultores da zona, por todas as circunstancias xa expostas, e que poden seguir agravándose xa que cada día hai máis hectáreas afectadas por esta praga. Algunhas fontes xa falan de máis de 2.500. Todo isto ocasiona que segundo vai avanzando a praga, os gandeiros e agricultores dispoñen de menos superficie idónea para pradería. E, o efecto de dispoñer de menos hectáreas para a pradería pode ocasionarlles outras consecuencias como é a posible redución das axudas da PAC.

As persoas do campo tamén declaran que o problema non é novo, que se trata dun problema de hai anos, provocando que a Xunta xa tivera que actuar nalgunha outra ocasión. Pero que, pola contra, non realizou ningún plan de seguimento e tampouco se realizou ningún plan de prevención.



A comezos da primavera deste ano o problema agravouse e os gandeiros e agricultores trasladaron a problemática á Administración autonómica a través dun encontro co servizo da Xefatura Territorial de Lugo (Consellería de Medio Ambiente).

No dito encontro, a Administración reconece o problema, e informa aos afectados que se teñen que tomar medidas de xeito inmediato para tratar de frear a praga de roedores.

A Xunta, malia ter reconecido o problema no mes de abril, non ofrece ningunha resposta ata novembro cando este asunto salta á prensa.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego en relación coa praga de roedores en varias zonas da provincia de Lugo?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 21/11/2019 16:38:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2019 16:38:17

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2019 16:38:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2019 16:38:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo Estatuto da AGADIC anunciado pola Xunta de Galiza no Parlamento e o futuro do Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 20 de novembro, en resposta a unha pregunta formulada polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Román Rodríguez, anunciou a elaboración e aprobación dun novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Segundo a Consellaría de Cultura e Turismo, o novo texto creará unha xerencia e un departamento de danza así como a integración do CGAI na estrutura da AGADIC.

O anuncio causou certa perplexidade no grupo nacionalista pois nunca antes a Consellaría, nin ningún outro departamento da Xunta de Galiza, achegara información algunha de que estaban a traballar niso.

Tampouco os sectores culturais (desde o teatro, á música pasando polo audiovisual), tiñan coñecemento algún desta mudanza que, por suposto, non foi negociada nin consensuada coas súas correspondentes organizacións e entidades profesionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De igual maneira na Estratexia da Cultura Galega 21 que a propia Xunta de Galiza deseñou como “folla de ruta” para as políticas culturais do país nos vindeiros anos, aparece en ningún momento tal reforma.

Para o Bloque Nacionalista Galego este anuncio parece máis unha nova ocorrencia da Consellaría cuxo obxectivo é tentar amortecer a súa incapacidade e incompetencia en materia cultural así como o progresivo desmantelamento que se ten producido de insignes institucións como o Centro Dramático Galego ou o Coreográfico.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que mudanzas suporá na xestión e nas políticas que vén desenvolvendo a AGADIC até o momento o novo estatuto anunciado pola Consellaría de Cultura e Turismo?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:20:50

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:20:58

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:21:05

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:21:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:21:20

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:21:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González e Ánxeles Cuña Bóveda, deputado e deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado venres día 1 de novembro, #DefendeAGalega denunciou que a CRTVG estaba a sufrir un “apagón informativo” que tiña por obxecto silenciar a campaña electoral. A corporación pública deulle a razón tacitamente ao programar o único debate dos comicios ás 10 da mañá dentro do espazo *Bos días*.

O debate electoral das xerais durou só 60 minutos –a metade do que durou o debate dos candidatos á presidencia emitido pola TVE– e foi emitido pola TVG e pola Radio Galega o 8 de novembro. Ese mesmo debate volveuse a emitir en horario de máxima audiencia, pero na TVG 2. O espazo da primeira canle pública galega nesa franxa horaria ocupouno O *Luar*.

A TVG 2 foi tamén a canle escollida para a emisión dos actos de inicio de campaña, que ocuparon apenas 10 minutos da medianoite do 31 de outubro.

Con motivo da pésima cobertura desta campaña electoral, o Comité de empresa da CRTVG emitiu un comunicado no que manifesta a súa preocupación pola “decisión da dirección da Corporación de emitir o debate electoral entre os candidatos e candidatas dos partidos galegos ás eleccións xerais do 10N en horario matinal”. Por esta razón, “urxe á dirección a cambiar o seu criterio e



ofrecelo en horario de máxima audiencia”, xa que considera que “a sociedade galega ten dereito a informarse directamente das propostas que realicen os partidos máis significativos a través dos medios de comunicación de titularidade pública”.

A representación dos traballadores e traballadoras atribúe a programación do debate á vontade “de agochar a confrontación de ideas políticas nun horario inaxeitado para a maioría dos galegos e das galegas”.

O Comité pecha o comunicado lamentando que a dirección decidira reemitir o debate na segunda canle da televisión pública –canle que nin sequera está dispoñible en tódalas plataformas televisivas–, limitando, desá maneira, o seu alcance.

Non é a primeira vez que acontece algo semellante. O 16 de abril xa se celebrara o debate electoral dos comicios xerais no programa *Bos días*. Daquela, o señor Sánchez Izquierdo argumentara que a programación do debate pola mañá pretendía “que os galegos e galegas foran os primeiros en coñecer a opinión dos seus representantes”.

As torpes escusas do señor Sánchez Izquierdo carecen de sentido, dado que a meirande parte da cidadanía non pode sentarse fronte ao televisor ou prestar atención á radio ás 10 da mañá. Cómpre, polo tanto, que a CRTVG se comprometa a emitir os vindeiros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública.

Polo exposto, presentase a seguinte pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Vai CRTVG emitir os futuros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 21/11/2019 17:29:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 17:29:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a decisión do TSXG de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza que paraliza as obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O TSXG vén de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza perante a paralización das obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio.

Na súa decisión o alto tribunal sinala que a Declaración de Impacto Ambiental (aprobada en 2005) “estabelece condicións que non se cumpren de altura e diámetro de varrido e localización nos puntos de maior altitude, polo que a súa actualización resultaría imprescindible para protexer os valores existentes no territorio” e lembra á Xunta de Galiza a súa obriga de protexer este espazo natural, catalogado como Rede Natura 2000.

Así mesmo, o TSXG sinala que desde o inicio deste proxecto a lexislación ten mudado. Tanto é así que actualmente está prohibido construír parques eólicos en Rede Natura.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza a decisión do TSXG a respecto da paralización das obras de construción do parque eólico na serra do Oribio?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:34:23

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:34:34

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:34:41

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:34:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:35:01

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:35:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A provincia de Ourense é das que máis está a notar a escaseza de recursos no Servizo Galego de Saúde a causa dos recortes e o deterioro progresivo da sanidade pública en Galicia.

Hospitais comarcais como Verín ou O Barco están sufrindo a eliminación de moitas especialidades, pero incluso o propio hospital de Ourense nota tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais de traballadoras e traballadores a falta de recursos tanto a nivel de persoal como material.

Unha das especialidades que demanda unha actuación urxente é a de medicina interna onde profesionais están a denunciar a diminución de persoal e medios. Coa excusa do verán, levouse a cabo o peche de cinco camas e paralelamente a redución de persoal, unha situación que segue sen modificarse xa que segundo a propia Xerencia do centro, sobra persoal para esta especialidade.

Ademais da escaseza de medios, están tendo lugar unha absoluta precariedade na contratación, marcada pola alta rotación e temporalidade, cuestión que xa está a ser unha liña xeral de actuación en canto a política de persoal no Sergas.

O persoal do hospital demanda unha actuación urxente por parte da Xerencia, na dotación de máis recursos tanto a nivel material como de persoal, que permitan ter plans estables de continxencia e alertan, dun posible sobreaforo coa tempada da gripe.

A planta de medicina interna atende principalmente a pacientes de avanzada



idade, pluripatolóxicos, polimedicados e moitos deles dependentes, nunhas condicións moi inferiores as ratios recomendadas, xa que nas quendas de tarde e noite contan con 3 profesionais de enfermería e 3 auxiliares para 41 pacientes na tarde e 2 de enfermería e 2 auxiliares para os 41 pacientes na noite, cando as ratios recomendadas son de 6 a 8 por equipo de enfermería e auxiliares.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:

- Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se está a prestar unha asistencia sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/11/2019 17:46:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A provincia de Ourense é das que máis está a notar a escaseza de recursos no Servizo Galego de Saúde a causa dos recortes e o deterioro progresivo da sanidade pública en Galicia.

Hospitais comarcais como Verín ou O Barco están sufrindo a eliminación de moitas especialidades, pero incluso o propio hospital de Ourense nota tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais de traballadoras e traballadores a falta de recursos tanto a nivel de persoal como material.

Unha das especialidades que demanda unha actuación urxente é a de medicina interna onde profesionais están a denunciar a diminución de persoal e medios. Coa excusa do verán, levouse a cabo o peche de cinco camas e paralelamente a redución de persoal, unha situación que segue sen modificarse xa que segundo a propia Xerencia do centro, sobra persoal para esta especialidade.

Ademais da escaseza de medios, están tendo lugar unha absoluta precariedade na contratación, marcada pola alta rotación e temporalidade, cuestión que xa está a ser unha liña xeral de actuación en canto a política de persoal no Sergas.

O persoal do hospital demanda unha actuación urxente por parte da Xerencia, na dotación de máis recursos tanto a nivel material como de persoal, que permitan ter plans estables de continxencia e alertan, dun posible sobreaforo coa tempada da gripe.

A planta de medicina interna atende principalmente a pacientes de avanzada



idade, pluripatóxicos, polimedicados e moitos deles dependentes, nunhas condicións moi inferiores as ratios recomendadas, xa que nas quendas de tarde e noite contan con 3 profesionais de enfermería e 3 auxiliares para 41 pacientes na tarde e 2 de enfermería e 2 auxiliares para os 41 pacientes na noite, cando as ratios recomendadas son de 6 a 8 por equipo de enfermería e auxiliares.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:

- Considera o Goberno da Xunta de Galicia que con estes medios se poden facer plans de continxencia estables?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/11/2019 17:48:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O 7 de novembro de 2019 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza desenvolveu unha inspección nos xulgados de Viveiro onde constatou, de maneira oficial, que están a asumir unha carga de traballo do 215% da súa capacidade sobre os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Esta situación foi denunciada polas traballadoras e traballadores, entre outros espazos, na Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero toda vez que o Xulgado de primeira instancia e instrución número 2, ostenta as competencias en materia de violencia machista.

Este xulgado leva agardando desde febreiro de 2018 pola incorporación dunha nova persoa de reforzo após a creación dunha praza do corpo de tramitación procesual, tal e como foi anunciado pola Xunta de Galiza.

Porén, a sobrecarga de traballo afecta por igual a ambos os dous xulgados o que urxe non só a ocupación inmediata da praza anunciada para o número 2, senón un maior reforzo en ambas as dúas dependencias xudiciais e, mesmo, a creación dun terceiro xulgado que atenda as necesidades da comarca da Mariña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir os dereitos da veciñanza da Mariña en materia xudicial?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:10:14

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:10:22

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:10:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:10:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:10:42

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:10:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a situación do sector naval de Vigo coa crise de Vulcano, Barreras e das empresas auxiliares

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola grave situación pola que está a pasar o sector naval da ría de Vigo.

Exposición de motivos

Diante da grave situación pola que está a pasar o sector naval da ría de Vigo, coa crise de Barreras e as empresas auxiliares, así como o peche de Vulcano, que supón o risco de perda de centos de postos de traballo e unha seria ameaza para o futuro deste sector estratéxico, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte pregunta para resposta oral en pleno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións ten previsto levar a cabo o goberno galego para desenvolver un plan de futuro para o naval da ría de Vigo que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e nas empresas auxiliares?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 25/11/2019 12:52:38

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2019 12:52:47

Noa Presas Bergantiños na data 25/11/2019 12:52:55

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2019 12:53:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/11/2019 12:53:10

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 12:53:18



A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos sobre a situación dunha industria que se atopa nunha situación problemática e crítica, a factoría de Alcoa en San Cibrao, que é de vital importancia para A Mariña e para o conxunto da provincia de Lugo.

A planta que a multinacional ten en San Cibrao conta con 2.000 postos de traballo e representa o 30% do PIB da provincia de Lugo. Ademais, trátase da única planta de España que produce aluminio primario facendo que A Mariña sexa o pulmón do aluminio primario de todo o Estado.

Alcoa San Cibrao ten un problema desde hai un ano: non pode competir en igualdade de condicións que o resto da industria europea por culpa dun prezo eléctrico elevado.

Esta empresa leva meses dando sinais de alarma, os mesmos que leva o Goberno do Estado dicindo que vai presentar o Estatuto de consumidores electrointensivos. Meses nos que o Goberno central non está a adoptar as medidas necesarias, e que só el



pode adoptar, para garantir o futuro da Alcoa-San Cibrao e devolver a tranquilidade ás familias dos traballadores e a comarca da Mariña en xeral.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular coincidimos cos traballadores de Alcoa en que o Goberno debe dar unha solución o antes posible e convocar dunha vez a mesa industrial. Ademais, se os traballadores da empresa convocan novas mobilizacións é porque son conscientes de que o Goberno non está reaccionando e co paso do tempo o futuro da planta está cada máis no aire.

En definitiva, a realidade é que o tempo esgótase –para a empresa e para as familias- e se o Goberno non actúa calquera medida que tome chegará tarde. E trátase dun problema que non só afecta a Alcoa, senón que se estende a toda a industria electrointensiva galega, con 5.000 familias afectadas directamente.

Por último, en contraposición á deixadez e inacción do Goberno do Estado, a Xunta de Galicia tomou a iniciativa e elaborou as liñas básicas que debe recoller o Estatuto que foron enviadas aos partidos políticos a nivel nacional.

En resumo, desde o Grupo Parlamentario Popular agardamos que o Goberno central deixe a un lado as promesas e, dunha vez por todas, presente solucións que garantan o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo dunha comarca na que Alcoa ten un gran peso na súa economía.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Púxose en contacto o Goberno do Estado coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa en San Cibrao?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 13:16:58

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/11/2019 13:17:14

Maria Antón Vilasánchez na data 25/11/2019 13:17:34

Moisés Blanco Paradelo na data 25/11/2019 13:17:48

Marta Novoa Iglesias na data 25/11/2019 13:18:09

Moisés Rodríguez Pérez na data 25/11/2019 13:18:25

Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/11/2019 13:18:37

Sandra Vázquez Dominguez na data 25/11/2019 13:18:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique as razóns da decisión de suprimir a unidade de partos no Hospital de Verín, así como o impacto social e as consecuencias sociosanitarias que vai ter esta decisión para a Comarca de Monterrei, especialmente para as mulleres xestantes. Asemade, o anuncio do peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín por parte do xerente da EOXI de Ourense, o Barco e Verín, Félix Ruibal, xerou gran alarma social entre a cidadanía e as profesionais sanitarias do Hospital, polo que a Xunta debe explicar as motivacións reais que amparan o sucesivo desmantelamento da Sanidade Pública no medio rural.

Esta decisión abrupta inflúe negativamente na saúde e calidade de vida das mulleres xestantes da comarca e das súas crianzas e contribúe ao despoboamento e perda de servizos en toda a contorna rural.

A Xunta deberá explicar tamén as motivacións da apresurada decisión, pois entre a comunicación ao persoal e o peche efectivo da unidade de partos só median 8 días, o que constitúe un elemento de violencia institucional.

Polo exposto anteriormente, a deputada e deputados asinantes presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter urxente**:



Por que a Xunta recorta servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/11/2019 16:40:17

David Rodríguez Estévez na data 25/11/2019 16:40:28

Luis Villares Naveira na data 25/11/2019 16:40:44

Francisco Casal Vidal na data 25/11/2019 16:40:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, qué rectificacións vai adoptar na súa política sanitaria?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 18:19:58



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **PREGUNTA**, dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta oral no Pleno da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, por que non está entre as súas prioridades a protección do noso patrimonio natural?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/11/2019 14:17:10





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, cal e a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2019

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/11/2019 16:02:11



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais do mes de outubro o pobo de Cuntis mobilizouse, non por primeira vez, en demanda dunha mellor atención sanitaria primaria no seu concello. As queixas habituais céntranse na necesidade de que a Xunta afronte a integridade do mantemento do centro de saúde e, fundamentalmente, no cobertura do persoal de maneira axeitada.

En Cuntis prodúcese, de maneira clara, un dos problemas que a atención primaria está evidenciando en toda Galicia froito dunha situación complexa dos sistemas sanitario, e agravado pola ineficiente xestión da Xunta de Galicia. Non existe unha planificación do sistema que permita organizar os recursos humanos, a pesares das reivindicacións dos profesionais e incluso as sentencias xudiciais que condenan ao Sergas pola “contratación fraudulenta” e a “saturación” a que somete aos profesionais.

No caso de Cuntis cúmprese este tipo de situacións, ao sufrir habitualmente unha alta espera nas citas solicitadas de atención primaria, con demoras de ata 10 días nalgúns casos. Estas esperas danse pola non cobertura de baixas ou ausencias dos profesionais, que provocan acumulación de pacientes sobre os profesionais que en cada momento están activos no centro, e tamén repercute nunha saturación do centro de saúde de Caldas.

Ante a elevada mobilización e reivindicación cidadá, representantes do Concello de Cuntis mantiveron unha xuntanza coa dirección da EOXI, que coñeceu de primeira man a realidade do concello. Con posterioridade o Sergas promoveu a discusión pública dos argumentos presentados polos representantes municipais de Cuntis, sen ofrecer ningunha solución ao problema e negando a situación.

Nestas mesmas datas o Sergas anunciou a dotación para o veciño concello de Valga, gobernado polo Partido Popular, dun profesional a maiores para cubrir as necesidades presentadas en atención primaria nese concello.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Recoñece o Sergas a existencia de problemas de cobertura de baixas e ausencias no centro de saúde de Cuntis?
2. Repercute o problema existente en Cuntis sobre o centro de saúde de Caldas saturando este ao ter que recibir pacientes dende o concello veciño?
3. Que medidas ten previsto tomar o Sergas ante as demandas da veciñanza de Cuntis amosada de maneira reiterada nas mobilizacións e queixas?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/11/2019 13:34:08

Noela Blanco Rodríguez na data 15/11/2019 13:34:18



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación sanitaria das zonas rurais da comarca de Pontevedra está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos 10 anos. O persoal do sistema sanitario redobra esforzos e trata de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a exceder do aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas do concello de Cerdedo-Cotobade caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. Neste concello hai gran preocupación veciñal polo servizo da sanidade, en concreto, tamén pola necesidade de dotar dunha ambulancia ao PAC de Cerdedo que poida dar resposta en caso de accidentes ou urxencias. Na maioría dos casos, a resposta e atención superan con moito a media hora recomendada para chegar á maioría dos puntos das parroquias de Cerdedo e da zona alta de Cotobade. E ao anterior hai que engadir as ausencias do facultativo do PAC cando se ve obrigado a asistir a unha urxencia fóra do propio centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria do concello de Cerdedo-Cotobade?
2. Vai garantir o Goberno a cobertura de substitucións do facultativo do Punto de Atención Continuada de Cerdedo? Cando?



3. Vai dotar o Goberno ao PAC de Cerdedo dunha ambulancia para mellorar as condicións de atención sanitaria ao conxunto da poboación da maioría dos puntos das parroquias de Cerdedo e da zona alta de Cotobade? Cando?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/11/2019 12:59:50

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2019 13:00:00

Noela Blanco Rodríguez na data 18/11/2019 13:00:15



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porrirt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As mancomunidades de municipios, sendo organizacións de asociación voluntaria dos concellos, constitúen unha ferramenta de traballo para accións de carácter local ou comarcal, coordinando as actuacións en sectores estratéxicos ou na dotación de servizos, especialmente dos concellos máis pequenos e con menos recursos.

A Mancomunidade do Salnés é un deses casos, nos que a asociación de concellos permite algúns avances como a obtención de recursos para dar servizos aos concellos máis pequenos da comarca, ou como as posibilidades de promoción turística para unha comarca moi dependente deste sector económico.

A Mancomunidade do Salnés leva en funcións xa dende 2015, pois non se formulou a renovación da Dirección dende entón. Esta potestade, propia do presidente, foi alterada para manterse no cargo e non ter que renovarse. En 2019, a nova configuración do Pleno evidencia unha nova maioría que manifestou a vontade de renovar a Presidencia, actualmente representada polo alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán. Non en tanto, para evitar someterse ao resultado dos plenos municipais, o presidente en funcións Durán apoiouse nunha denuncia presentada por un veciño de Meaño, un dos concellos asociados, sobre o Pleno local, para non convocar o Pleno da mancomunidade. Este ilóxico proceder apunta a unha obsesión por manterse nun cargo que non lle corresponde, e vulnera as decisións tomadas polos cidadáns nas eleccións municipais e as decisións tomadas polos representantes municipais.

Esta irresponsable actitude provoca que 6 meses despois de terse celebrado as eleccións municipais, non está aínda conformado o Pleno nin renovada a Dirección dun órgano que deba estar funcionando, e que agora está no aire no seu funcionamento. Esta caprichosa actuación parece apoiada por todo o Partido Popular da comarca, que entrega a súa voz ao señor Durán, que manifestos exemplos de irresponsabilidade está ofrecendo constantemente en diversos campos.



Existen resolucións xudiciais, do contencioso administrativo de Pontevedra, sobre a denuncia que Durán usou de parapeto para non convocar o Pleno da Mancomunidade, e rexeitan esta necesidade instando a convocar este órgano. Tamén así o fai o informe da Secretaría da Mancomunidade, que en todo caso Durán ocultou e non quixo facilitar ao resto dos membros do Pleno. O obscurantismo parece reforzar a idea dunha falta de criterio e sentido democrático das institucións.

Os propios estatutos da Mancomunidade do Salnés apelan a que, para o non resolto a través dese propio documento e ás situacións non contempladas nel, observaranse as normativas de orde superior, entre as que están as normativas autonómicas. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como órgano superior nas competencias sobre as administracións públicas de Galicia, non ten realizado acción algunha dirixida a esixir ou instar á convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés, nin notificou decisións sobre a situación que pretendan facilitar o proceder democrático e natural da institución.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación de interinidade e negativa de cumprimento da normativa por parte do presidente en funcións da Mancomunidade do Salnés?
2. Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para facilitar o proceder democrático de convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2019 14:17:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/11/2019 14:17:42

María Teresa Porrirt Lueiro na data 18/11/2019 14:17:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2019 14:18:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No listado de catastro mineiro aparece co nome de Villalonga e número 2517, e dúas fraccións: 1ª e 2ª, as explotacións mineiras activas que afectan aos concellos de Meaño e de Sanxenxo, algunha delas das que entra en conflito con outras obras públicas como a depuradora de Meaño, onde presuntamente se van depurar as augas provenientes do polígono Nantes.

Por todo o exposto, o deputado subscribinte presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- 1.- Sabe a Xunta cantas explotacións e permisos mineiros hai actualmente nos concellos de Meaño e de Sanxenxo?
- 2.- Sabe a Xunta cantos destes son permisos de investigación e cales de explotación? Delas, sabe a Xunta cantas están actualmente vixentes?
- 3.- Sabe a Xunta que isto choca con outras concesións para a instalación de obras públicas como a depuradora de Meaño, onde está previsto que se depuren as augas do polígono Nantes?
- 4.- Ten a Xunta información medioambiental sobre estas concesións mineiras en activo?
- 5.- Que tipo de reparacións dos terreos están previstas en cada concesión mineira?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/11/2019 17:26:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao informe elaborado por “expertos” sobre a Atención Primaria.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rode os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que cos prazos que baralla para a construción da nova EDAR se poñen en perigo os fondos europeos previstos para esta construción?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2019 11:37:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2019 11:38:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2019 11:38:31



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía sostible medioambientalmente, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente cincocentas familias que viven directamente do marisqueo na ría de Ferrol, entre as que traballan as confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos.

Estas tres confrarías contan coa marca *pescadeRías ¿de onde se non?*, esta marca é un selo de identidade para a promoción e defensa dos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal cuxa fama de variedade e calidade traspasan as nosas fronteiras.

Para a promoción do marisco da ría de Ferrol, o concello de Narón organiza a Festa do Marisco, polo que o pasado 28 de outubro solicitáronlle á Xunta de Galicia colaboración, e que consistía na participación nun posible *showcooking*, cartelaría, *merchandising*, algún taller para os máis pequenos, etc.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non colabora coa Festa do Marisco que organiza o concello de Narón coa colaboración das confrarías de Ferrol, Mugardos e Barallobre?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/11/2019 12:51:46

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 12:52:07

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2019 12:52:22



Á Mesa do Parlamento

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Servicio de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova (Ourense) da cobertura os concellos seguintes: Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedeva, Lobios, Cartelle e o propio Concello de Celanova.

Este servizo de radiodiagnóstico leva máis de tres meses avariado cos prexuízos que isto provoca os habitantes destes quince concellos, dende o custo económico e de tempo que supón o desprazamento, que en algún dos concellos chega ata 80 quilómetros, e o retraso no diagnóstico que a súa vez provoca a demora no tratamento a seguir polos e polas pacientes, co agravante de que a maioría dos pacientes son homes e mulleres de idade avanzada

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando se vai a restablecer o Servicio de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova?
2. Cantos pacientes tiveron que ser derivados ao Complexo Hospitalario de Ourense para realizar as probas de radiodiagnose que terían que ser feitas no Centro de Saúde de Celanova?
3. Cantos pacientes tiveron que retrasar as consultas de traumatoloxía por no ter os resultados das probas de diagnose, co que elo conleva en relación as listas de espera?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59131
Data envío: 20/11/2019 16:19:27.353

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2019 15:57:37

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 15:57:46

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2019 15:57:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGKINKsWLLdc1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quintero Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PRE-GUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa á pobreza menstrual en Galicia.

Hai uns meses os xornais recollían a iniciativa do goberno de Escocia de achegar de xeito gratuíto ás estudantes compresas e tampóns. Unha iniciativa que respondía á detección da chamada pobreza menstrual: a imposibilidade de utilizar produtos axeitados e na cantidade necesaria para cubrir as súas regras mensuais.

Se unha quere buscar estes datos para o noso país a resposta é o silencio. A pobreza menstrual, tanto en Galicia como no Estado, ignórase, non hai estudos. Porén, tendo en conta que menstruar ten un custe medio duns 12 euros ao mes, o que supón 144 euros anuais, que chegarían a máis de 5000 euros na vida dunha muller. Cifras que nos poñen en alerta sobre as dificultades que moitas mozas poden ter para facer fronte a estes gastos. Pero hai máis, asociacións como Mensajeros de la Paz, encargados da xestión de moitos bancos de alimentos informan de que precisamente as compresas son un dos produtos máis demandados polas familias que demandan os seus servizos.

Unha copa menstrual, pola contra, ten un prezo de mercado enteiro aos 15-30 euros, para unha durabilidade media de dez anos, é dicir que gastaremos enteiro a 60-120 euros en toda a nosa vida. En resumo: hai unha diferenza substancial de prezo, gastaríamos enteiro a 50 veces menos.

Mais non só falamos dunha cuestión económica, falamos tamén de información e



empoderamento. A día de hoxe, e coa ausencia de educación sexual nos centros educativos, resulta que hai empresas privadas que fan visitas aos institutos explicando as vantaxes dos seus produtos. Que as rapazas coñezan as múltiples opcións de produtos dos que poden dispoñer é unha cuestión fundamental para que podan tomar unha decisión informada e libre e non unicamente mediada polos intereses do gran capital.

E, por último, o uso de tampóns e compresas ten un perigo ecolóxico certo. Tendo en conta que falamos de produtos de usar e tirar estamos ante un negocio millonario pero pouco sustentable ecoloxicamente. Cada ano rexéitanse máis de 3 mil millóns de tampóns e compresas no estado.

Segundo a organización ecofeminista Women's Environmental Network, ata o 90% dunha compresa e o 6% dun tampón é plástico. O resto é pulpa de madeira, rayón ou algodón. A isto hai que sumarlle o plástico de aplicadores e envoltorios. Os aplicadores están feitos a base de polietileno e polipropileno, materiais que tamén se engaden á corda do tampón para que sexa máis resistente, os dous principais plásticos achados nos océanos. A maiores, os produtos sanitarios son o quinto residuo plástico máis común no lixo achado nas praias europeas, segundo datos da Comisión Europea, por encima das cuncas de café de plástico, os cubertos dun só uso ou as palliñas.

Tendo en conta que unha muller pode usar entorno a 8000 produtos menstruais ao longo da súa vida que poden supor máis de 300.000 quilos de residuos derivados.

Pola súa banda, a copa menstrual pode durar ata 10 anos e neste tempo calcúlase que xera o 0.4% dos refugallos plásticos producidos polas compresas dun só uso ou o 6% polo uso de tampóns, segundo concluíu un recente estudo publicado en The Lancet. É dicir, é unha opción moito máis respectuosa co medio. O seu uso



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59133
Data envío: 20/11/2019 16:21:27.541

remataría con centos e centos de toneladas ao ano de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Ten datos o Goberno galego sobre a pobreza menstrual en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deptadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/11/2019 16:14:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2019 16:14:24

Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2019 16:15:17



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Un dos principios básicos da nosa democracia é o de suficiencia financeira das entidades locais, posto que perciben os seus ingresos tamén a través das comunidades autónomas, no noso caso da galega, que os distribúe de acordo cos criterios legais que ela mesma determina. Este principio recóllese no artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cando dispón que se dotará ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais. É dicir, as entidades locais galegas participan dos recursos da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional. Niso consiste o Pacto de Cooperación Local. Cal é o problema? Que o pacto aínda non está desenvolto na súa totalidade polo Goberno galego e que as cantidades que recibe cada entidade local por provincias non é posible coñecelas, tampouco para a provincia de Pontevedra.

Así, nos artigos 56 e seguintes do Proxecto de lei de orzamentos que se está a debater no Parlamento de Galicia regúlase en abstracto como se fará o reparto do Fondo de Cooperación Local na Comunidade. En concreto, para o ano 2020, os coeficientes de reparto por concellos pontevedreses figuran no Anexo VI, mais non as cantidades, e os convenios e subvencións coas entidades locais pontevedresas recólleos o Anexo VII, se ben non se fan de xeito individualizado. O que significa que resulta imposible saber que cantidades ten transferido a Xunta de Galicia a cada concello da provincia de Pontevedra co Fondo de Cooperación Local. Curiosamente, o Goberno do Estado dá as cantidades exactas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cumpre o Goberno galego o artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para os concellos da provincia de Pontevedra?
2. Por que o Goberno non desenvolveu na súa totalidade o Pacto de Cooperación Local?



3. Que cantidades se corresponden cos coeficientes de reparto por concellos pontevedreses?
4. Cales foron os convenios e subvencións coas entidades locais pontevedresas?
5. Que cantidades ten transferido a cada concello da provincia de Pontevedra o Fondo de Cooperación Local dende o 2009 ata o día de hoxe?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2019 16:26:24

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 16:26:33

María Luisa Pierres López na data 20/11/2019 16:26:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/11/2019 16:26:57

María Teresa Porritt Lueiro na data 20/11/2019 16:27:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta escrita**.

O amianto é un axente químico canceríxeno que está presente en materiais tradicionalmente empregados na construción de edificios, tubarias, paredes, depósitos de auga, etc. Actualmente a súa comercialización e uso están prohibidos, aínda que o asunto abórdase principalmente dende unha óptica laboral en relación a súa normativa e seguridade ou como unha enfermidade profesional, que tras moitos anos de loita comprobouse como afectaba e cales eran as gravísimas consecuencias na saúde dos traballadores e traballadoras afectadas e das súas familias.

Con todo, a situación co amianto debe ser considerada e abordada como un problema de saúde pública, máis aínda si temos en conta a cantidade de edificios públicos como colexios ou edificios privados que conteñen amianto. Expertos na materia están a advertir do grave risco do axente non só en relación á rotura do mesmo si non a súa vida útil, que se calcula entorno aos 30 e 40 anos.

O amianto foi empregado en maior cantidade entre os anos 60 e 90, polo que é posible que tanto por antigüidade como por exposición a axentes climatolóxicos estea chegando xa ao fin da súa vida útil.

Ante as consecuencias para a saúde que pode causar esta exposición, tales como cancro, asbestose ou outras doenzas respiratorias, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda formula as seguintes preguntas:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 17:08:13
Nº Rexistro: 59144
Data envío: 20/11/2019 17:08:13.231

- 1.ª) Cales son as accións realizadas polo Goberno da Xunta de Galicia en relación a unha abordaxe global desta situación?
- 2.ª) Teñen realizado xestións para a colaboración con diferentes administracións respecto da localización e retirada do amianto?
- 3.ª) Con que plans conta a Xunta de Galicia para levar a cabo un mapeo de localización, estado e retirada do amianto nos diferentes edificios públicos de Galicia?
- 4.ª) Ten estudado o Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade de liñas de axuda para a retirada de amianto en vivenda privada?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/11/2019 16:45:12





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**. Relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria.

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención Primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria, e polo tanto o que teñen é un material absoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para resposta escrita::

Non coida que 26 anos desde a publicación do Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria é tempo dabondo para iniciar a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria?

Considera que o material co que contan as consultas das matronas de Atención Primaria está en condicións e é o acaído para prestar unha atención digna?

Por qué quedaron excluídas estas consultas do plano de dotación?

Cando van aumentar as prazas de matronas tanto para garantir a equidade en toda Galiza como para que as ratios matrona/nº de mulleres se adecúen ao recomendado?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2019 18:26:04

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2019 18:26:14

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2019 18:26:24

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2019 18:26:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/11/2019 18:26:46

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2019 18:26:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, en relación ás bibliotecas públicas da cidade de Ourense.

O estudantado da cidade de Ourense carece de espazos públicos de estudo de calidade. A biblioteca Rosalía de Castro atópase colapsada, dando servizo a toda unha cidade. Sendo visitada non só polo alumnado dos estudos que se imparten no Campus, senón que, debido á precariedade na que se atopa a biblioteca da rúa Concello, vese obrigada a acoller tamén nas súas instalacións ao estudantado de Educación Secundaria e persoas que están preparando oposicións.

Un servizo de espazos de estudos público que conta con numerosas eivas. Destacando os seus límites horarios. Deste xeito, calquera estudante da cidade que queira traballar ou estudar durante a fin de semana verase obrigado a facelo nun espazo privado. Situación que complica a garantía de acceso a determinados recursos (libros, conexión a internet, servizo de fotocopias...) para poder levar a cabo a tarefa de aprendizaxe nunhas condicións dignas. Dándose agravios tan preocupantes como o do estudantado de informática do Campus de Ourense, que debe facer determinados exercicios que só se poden realizar mediante a conexión á rede da universidade e que ven reducido o prazo de realización dos mesmos a cinco días da semana por carecer deste servizo os sábados e domingos.

Mais a problemática dos horarios non remata aí. Este novo curso non poden darse situacións tan lamentables como as que aconteceron no pasado ano académico



cando a biblioteca Rosalía de Castro permaneceu pechada algúns días durante as vacacións de nadal, en pleno período de exames.

En decembro concluirá o traslado da biblioteca da rúa Concello ás novas instalacións en San Francisco, erguéndose, deste xeito, unha oportunidade para poder superar os problemas actuais que ten a actual biblioteca municipal. Decembro preséntase, así, como unha porta aberta para mudar o estado das bibliotecas públicas.

Non é de recibo que a cultura teña que loitar pola súa supervivencia como está acontecendo. A Xunta e o concello deben elixir que modelo de cidade queren para Ourense.

Do mesmo xeito, a Universidade de Vigo, cando remate este ano, en decembro, e se achegue o período de vacacións, debería optar por dar solucións aos problemas que aconteceron no pasado curso. Nas súas mans está o camiño cara a construción dun Campus que leve por bandeira gozar dun bo servizo de espazos de estudos todos os días do ano.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Vai a Xunta abrir, ou mediar para que se abran, as fins de semana as bibliotecas públicas da cidade de Ourense?
- Van ampliar os horarios durante o período de exames adaptándoos á realidade dos estudos que se imparten?
- Contemplan aumentar os horarios en período vacacional?
- Poden garantir a oferta de todos os servizos?
- Consideran importante mellorar os recursos tecnolóxicos de impresión e control de aforo?
- Ven necesario aumentar o persoal?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59208
Data envío: 21/11/2019 14:17:57.579

- Subscribiran a elaboración dun convenio coa Universidade de Vigo (Campus Ourense) coa fin de solucionar a carencia de espazos de estudo?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 14:09:34

Luca Chao Pérez na data 21/11/2019 14:09:45



Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai meses que persoas gandeiras e agricultoras da provincia de Lugo deron a voz de alarma alertando da proliferación de roedores nas zonas de Triacastela, Pedrafita, Samos, Cervantes, Folgoso do Caurel, As Nogais e Samos.

Unha praga de roedores que xa está a ocasionar serios problemas ás ganderías localizadas en distintas comarcas da montaña lucense.

Falamos dunha especie de rata-toupa con unha bioloxía explosiva, con ciclos repetitivos de alta intensidade reprodutiva, e que ten unha especial adaptación aos hábitat de pradería.

Roedores que provocan serios danos nas plantacións ao remover a terra, nos prados, e que tamén, indirectamente, fan unha chamada ao xabaril, cando estes se achegan a comelos tras seguir o seu rastro. Provocando que os danos iniciais se multipliquen.

Estamos ante un problema medioambiental que está a ocasionar perdas no campo, perdas económicas polos danos que produce, e, incluso, pode causar un problema sanitario posto que os roedores son unha fonte de transmisión de enfermidades.

Un asunto preocupante para os gandeiros e agricultores da zona, por todas as circunstancias xa expostas, e que poden seguir agravándose xa que cada día hai máis hectáreas afectadas por esta praga. Algunhas fontes xa falan de máis de 2.500. Todo isto ocasiona que segundo vai avanzando a praga, os gandeiros e agricultores dispoñen de menos superficie idónea para pradería. E, o efecto de dispoñer de menos hectáreas para a pradería pode ocasionarlles outras consecuencias como é a posible redución das axudas da PAC.

As persoas do campo tamén declaran que o problema non é novo, que se trata dun problema de hai anos, provocando que a Xunta xa tivera que actuar nalgunha outra ocasión. Pero que, pola contra, non realizou ningún plan de seguimento e tampouco se realizou ningún plan de prevención.



A comezos da primavera deste ano o problema agravouse e os gandeiros e agricultores trasladaron a problemática á Administración autonómica a través dun encontro co servizo da Xefatura Territorial de Lugo (Consellería de Medio Ambiente).

No dito encontro, a Administración reconece o problema, e informa aos afectados que se teñen que tomar medidas de xeito inmediato para tratar de frear a praga de roedores.

A Xunta, malia ter reconecido o problema no mes de abril, non ofrece ningunha resposta ata novembro cando este asunto salta á prensa.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas que provocaron a falta de dilixencia da Administración galega á hora de comezar co estudo da praga?

2ª. Por que non se ten realizado un plan de seguimento xunto cun plan de prevención?

3ª. Que medidas adoptou, ou vai adoptar o Goberno galego en relación coa praga de roedores en varias zonas da provincia de Lugo e, cal é o calendario de actividades que ten planificado a Consellería do Medio Rural?

4ª. De que especie se trata e, como se vai controlar?

5ª. É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, e medioambientais que esta a provocar e pode seguir provocando esta praga?

6ª. Ten programada a Concellería de Medio Rural algunha axuda destinada ao sector afectado?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:





Oscar Vilar Chento na data 21/11/2019 16:39:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2019 16:39:32

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2019 16:39:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2019 16:40:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a conexión entre a AG53 e a N 525 en Dozón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado 4 de setembro publicou o anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

O proxecto sometido a información pública presenta numerosas carencias e ten un impacto negativo na mobilidade e na seguranza viaria da zona

1º En lugar de proxectar unha conexión dobre, en sentido Ourense e en sentido Santiago, só se propón unha conexión en sentido Ourense.

2º A conexión prevista entre a N525 e a AG 53 faise aproveitando o trazado dunha pista (antigo trazado na N525) e dun paso a nivel inferior no lugar de Mizoite que dá servizo a propiedades veciñais e que é usado principalmente por vehículos agrícolas e de transporte. Como consecuencia, a veciñanza quedaría sen acceso ás súas propiedades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º A obra proxectada non contribúe a resolver os problemas de seguranza viaria que existen no treito da N 525 á altura de Mizoite e que dificultan o acceso ás vivendas e ás propiedades.

4º A actuación proxectada debería prever unha rotonda na N525 á altura do PK 275, para mellorar a seguridade viaria, facilitar o acceso á autovía e garantir unha mellor conectividade coas vivendas e as propiedades situadas a ambos lados na estrada.

Tendo en conta todas estas afeccións, a veciñanza da zona presentou alegacións ao proxecto solicitando a modificación do mesmo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera o goberno galego que o enlace previsto entre a N525 e a AG53 en Dozón garante o acceso da veciñanza ás súas propiedades?
2. Ten previsto a Xunta de Galiza atender as alegacións presentadas pola veciñanza?
3. Considera necesario mellorar a seguranza viaria nesta zona coa construción dunha rotonda no entronque da N525 co vial de acceso á autovía.
4. Ten previsto a Xunta de Galiza executar unha conexión dobre, tanto en sentido Ourense como en sentido Santiago?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:05:04

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:05:09

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:05:15

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:05:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:05:40

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:05:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o novo Estatuto da AGADIC anunciado pola Xunta de Galiza no Parlamento e o futuro do Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 20 de novembro, en resposta a unha pregunta formulada polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Román Rodríguez, anunciou a elaboración e aprobación dun novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Segundo a Consellaría de Cultura e Turismo, o novo texto creará unha xerencia e un departamento de danza así como a integración do CGAI na estrutura da AGADIC.

O anuncio causou certa perplexidade no grupo nacionalista pois nunca antes a Consellaría, nin ningún outro departamento da Xunta de Galiza, achegara información algunha de que estaban a traballar niso.

Tampouco os sectores culturais (desde o teatro, á música pasando polo audiovisual), tiñan coñecemento algún desta mudanza que, por suposto, non foi negociada nin consensuada coas súas correspondentes organizacións e entidades profesionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De igual maneira na Estratexia da Cultura Galega 21 que a propia Xunta de Galiza deseñou como “folla de ruta” para as políticas culturais do país nos vindeiros anos, aparece en ningún momento tal reforma.

Para o Bloque Nacionalista Galego este anuncio parece máis unha nova ocorrencia da Consellaría cuxo obxectivo é tentar amortecer a súa incapacidade e incompetencia en materia cultural así como o progresivo desmantelamento que se ten producido de insignes institucións como o Centro Dramático Galego ou o Coreográfico.

Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Con que entidades, colectivos, organizacións, axentes e/ou persoas negociou a Xunta de Galiza a reforma do Estatuto da AGADIC?
- Que reformas inclúe en relación ao aprobado en 2012?
- Que mudanzas suporá na xestión e nas políticas que vén desenvolvendo a Axencia até o momento?
- E para os centros de produción que dela dependen, nomeadamente o CDG e o CCG?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:22:04

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:22:12

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:22:17

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:22:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:22:31

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:22:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a decisión do TSXG de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza que paraliza as obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O TSXG vén de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza perante a paralización das obras de construción dun parque eólico na serra do Oribio.

Na súa decisión o alto tribunal sinala que a Declaración de Impacto Ambiental (aprobada en 2005) “estabelece condicións que non se cumpren de altura e diámetro de varrido e localización nos puntos de maior altitude, polo que a súa actualización resultaría imprescindible para protexer os valores existentes no territorio” e lembra á Xunta de Galiza a súa obriga de protexer este espazo natural, catalogado como Rede Natura 2000.

Así mesmo, o TSXG sinala que desde o inicio deste proxecto a lexislación ten mudado. Tanto é así que actualmente está prohibido construír parques eólicos en Rede Natura.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a decisión do TSXG a respecto da paralización das obras de construción do parque eólico na serra do Oribio?

- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:35:59

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:36:09

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:36:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:36:21

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:36:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A provincia de Ourense é das que máis está a notar a escaseza de recursos no Servizo Galego de Saúde a causa dos recortes e o deterioro progresivo da sanidade pública en Galicia.

Hospitais comarcais como Verín ou O Barco están sufrindo a eliminación de moitas especialidades, pero incluso o propio hospital de Ourense nota tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais de traballadoras e traballadores a falta de recursos tanto a nivel de persoal como material.

Unha das especialidades que demanda unha actuación urxente é a de medicina interna onde profesionais están a denunciar a diminución de persoal e medios. Coa excusa do verán, levouse a cabo o peche de cinco camas e paralelamente a redución de persoal, unha situación que segue sen modificarse xa que segundo a propia Xerencia do centro, sobra persoal para esta especialidade.

Ademais da escaseza de medios, están tendo lugar unha absoluta precariedade na contratación, marcada pola alta rotación e temporalidade, cuestión que xa está a ser unha liña xeral de actuación en canto a política de persoal no Sergas.

O persoal do hospital demanda unha actuación urxente por parte da Xerencia, na dotación de máis recursos tanto a nivel material como de persoal, que permitan ter plans estables de continxencia e alertan, dun posible sobreaforo coa tempada da gripe.

A planta de medicina interna atende principalmente a pacientes de avanzada



idade, pluripatolóxicos, polimedicados e moitos deles dependentes, nunhas condicións moi inferiores as ratios recomendadas, xa que nas quendas de tarde e noite contan con 3 profesionais de enfermería e 3 auxiliares para 41 pacientes na tarde e 2 de enfermería e 2 auxiliares para os 41 pacientes na noite, cando as ratios recomendadas son de 6 a 8 por equipo de enfermería e auxiliares.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:

- Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se está a prestar unha asistencia sanitaria de calidade?
- Por que non cumpre a Xunta de Galicia coas ratios recomendadas?
- Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia mantén unha precariedade estrutural na contratación do Sergas?
- Ten pensado o Goberno da Xunta de Galicia dotar esta especialidade dos medios materiais e humanos necesarios que demanda o persoal?
- Considera o Goberno da Xunta de Galicia que con estes medios pódense facer plans de continxencia estables?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Eva Solla Fernández na data 21/11/2019 17:44:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O 7 de novembro de 2019 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza desenvolveu unha inspección nos xulgados de Viveiro onde constatou, de maneira oficial, que están a asumir unha carga de traballo do 215% da súa capacidade sobre os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Esta situación foi denunciada polas traballadoras e traballadores, entre outros espazos, na Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero toda vez que o Xulgado de primeira instancia e instrución número 2, ostenta as competencias en materia de violencia machista.

Este xulgado leva agardando desde febreiro de 2018 pola incorporación dunha nova persoa de reforzo após a creación dunha praza do corpo de tramitación procesual, tal e como foi anunciado pola Xunta de Galiza.

Porén, a sobrecarga de traballo afecta por igual a ambos os dous xulgados o que urxe non só a ocupación inmediata da praza anunciada para o número 2, senón un maior reforzo en ambas as dúas dependencias xudiciais e, mesmo, a creación dun terceiro xulgado que atenda as necesidades da comarca da Mariña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopan os xulgados de Viveiro?
- Cre o Goberno galego que o persoal que traballa actualmente neles é suficiente para atender unha carga de traballo que supera, con moito, a capacidade dos propios xulgados?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir os dereitos da veciñanza da Mariña en materia xudicial?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:11:22

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:11:31


María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:11:37

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:11:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:12:02

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:12:13





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

